# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
# CEIP DE OÍMBRA
# 2023/2024

CÓDIGO DO CENTRO: 32008173

ENDERERO: Grupo Escolar 16, 32613 Oimbra

Páx. Web: *http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoimbra/*

Correoelectrónico:ceip.oimbra@edu.xunta.gal

# DATA DE PRESENTACIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

Certificado de aprobación do Plan Xeral Anual

Dna. Laura Yanes Marca, como Directora do CEIP de Oímbra e por solicitude da Inspección Educativa,

C E R T I F I C A:

Que tal e como se contempla na Orde de 22 de xullo de 1997, Capítulo I, punto 3, a presente Programación Xeral Anual do curso 2023-2024 foi elaborada polo equipo directivo tendo en conta as propostas do Claustro de Profesores e as directrices do Consello Escolar.

Presentouse a ambos órganos colexiados en sesións ordinarias de Claustro de Profesores e de Consello Escolar celebradas o día 27 de outubro do 2023, poñendo previamente a disposición dos seus membros exemplares na secretaría do centro.

E para que así conste, asino a presente certificación en

Oímbra, 27 de outubro de 2023

VOLTAR AO INDICE

# APROBACIÓN POLO CLAUSTRO NOS ASPECTOS DOCENTES (art.47 b). Decreto 347/96

O Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 18 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros Dog 06-11-96 e DOG 08-01-97), no art. 47º, punto b, di que son competencias do Claustro. "Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación Xeral Anual, conforme o Proxecto Educativo do Centro".

Así mesmo, no Capítulo IV, Programación xeral anual, Art. 98º, fala dos aspectos docentes que competen ó Claustro e que este aproba en función das súas atribucións.

# REMISIÓN Á INSPECIÓN EDUCATIVA

A Orde de 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de EI, dos colexios de EP e dos colexios de EI e EP, no seu Capítulo I, Proxectos de xestión do centro educativo, punto 3.- programación Xeral Anual, subpunto 3.9.-, di que "Unha vez aprobada a PXA, quedará custodiada na secretaría do centro para que poida ser consultada por calquera membro da comunidade escolar e polas autoridades educativas. O persoal do centro que o solicite, facilitaráselle unha copia da PXA. Unha copia dela, xunto coa copia de acta da sesión do Consello Escolar onde foi aprobada, será remitida no prazo de 5 días á inspección educativa e outra copia entregaráselles ás asociacións de pais do centro".

Neste sentido a nosa PXA foi remitida ó inspector de zona con data do 29 de outubro de 2023.

VOLTAR AO INDICE

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL.
2.1. OBXECTIVOS ESPECIFICOS PARA O CURSO ACADEMICO 2022/23.
2.1.1. OBXECT. QUE ATINXEN AO CONSELLO ESCOLAR.
2.1.2. OBXECT. QUE ATINXEN AO CLAUSTRO DE PROFESORES.
2.1.3. OBXECT. QUE ATINXEN AO EQUIPO DIRECTIVO.
2.1.4. OBXECT. QUE ATINXEN AO ALUMNADO.
2.1.5. OBXECT. QUE ATINXEN AS NAIS/PAIS.
2.1.6. OBXECT. DA CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN.
2.2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.
2.3. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.
3. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.
3.1. CONCRECIÓN ANUAL DO PEC.
3.2. MODIFICACIÓN DO PEC SE FOSE NECESARIO.
3.3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE NEAE (PXAD)
3.4. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
3.5. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.
3.6. EQUIPOS DOCENTES E COMISIÓNS.
3.7. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS
3.7.1. PLAN DE ACTUACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR
3.7.2. PLAN DE ACTUACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES.
3.7.3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
3.8. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.
3.9. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO
3.9.1. MODIFICACIÓN DO CALENDARIO LECTIVO
3.9.2. HORARIO DO CENTRO
3.10. HORARIOS DE CURSO E DOCENTES.
3.11. HORARIO DE GARDAS de AUTOBUS, RECREOS e GARDAS DE CLASE
3.12. QUENDAS DE VIXIANCIA DOS RECREOS
3.12.1. RATIOS DE VIXIANCIA E ZONAS DE ATENCIÓN PREFERENTE
3.13. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO
3.14. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

VOLTAR AO INDICE

3.15. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

3.16. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO (art.14.4 do Decreto 79/2010 20 de maio)

3.17. ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

3.18. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES ESTEBLECIDOS NO CENTRO

3.19. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

3.20. PLAN DE AUTOPROTECIÓN

3.21. HORARIO DE ATENCIÓN ó PÚBLICO.

3.21.1. HORARIO DE DIRECCIÓN.

3.21.2. HOARIO DE TITORÍAS NAIS/PAIS

3.21.3. HORARIO DO ORIENTADOR/A DE ATENCIÓN NAIS /PAIS

3.21.4. HORARIO DE ACOLLIDA TEMPERÁ

3.21.5. HORARIO DE COMEDOR ESCOLAR

3.22. PLAN APARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

3.22.1. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO:

3.23. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

3.24. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

3.25. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

3.26. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

3.27. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

3.28. PERSOAL NON DOCENTE.

4. PROXECTO LECTOR DO CENTRO

5. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

6. AUTOAVALIACIÓN DA PXA DO CENTRO

7. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, A PARTIR DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO.

## ANEXOS:

I. Anexo 1
II. Anexo 2
III. Anexo 3

# 1. INTRODUCIÓN.

De acordo coa normativa vixente, confecciónase o Plan Xeral de Centro para o curso 2023-2024.

Para a súa elaboración temos en conta as características singulares do noso alumnado, o contorno sociocultural do noso centro e os medios humanos e materiais de que dispomos.

Este plan pretende establecer uns obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico así como as actividades e medidas que haxa que desenvolver para a súa consecución.

Ten a finalidade de dotar de coherencia a actuación didáctica de cada un dos niveis e adecuar as propostas xerais de carácter oficial de acción educativa á realidade do noso centro.

Este Plan Xeral de Centro estará suxeito a revisións fundamentadas, de acordo coa avaliación que se vaia realizando do mesmo na súa aplicación práctica.

Elaborouse seguindo os procesos de ensino - aprendizaxe establecidos no PE.

# 2. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL.

## 2.1.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023-2024.

O regulamento orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP, Capítulo IV, Programación Xeral Anual, Art. 98º, punto a, di que a PXA incluirá: “Obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que haxa que desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto”.

- → Revisar é actualizar se é preciso o P.E.
- → Revisar as NOF e a súa adaptación o Plan de convivencia.
- → Lograr as aprendizaxes básicas e significativas.
- → Manter como principio o desenvolvemento da convivencia democrática.
- → Fomentar o desexo e inquedanzas polo saber.
- → Ser capaces de educar dentro da diversidade, rexeitando todas aquelas situacións de xenofobia, sexismo, insolidariedade, intolerancia e inxustiza; facilitando en todo momento a integración do alumnado.
- → Lograr unha permanente colaboración entre tódolos sectores educativos do noso entorno.
- → Conseguir que a actividade educativa do Centro se desenvolva dentro dun marco de Normalización Lingüística.
- → Lograr unha permanente colaboración e coordinación activa, tanto a nivel individual como en grupo (titores, equipos docentes,...etc.)

VOLTAR AO INDICE

→ Crear hábitos de comportamento e hixiene.

→ Crear hábitos de respecto e defensa do medio ambiente, valorando o entorno.

→ Mellorar o razoamento e perseguir a autonomía persoal.

→ Fomentar o hábito lector.

→ Estimular a colaboración dos pais/nais.

→ Programar os obxectivos, contidos e actividades das distintas disciplinas e niveis, adaptados sempre ás posibilidades do alumnado.

→ Pór en práctica o plan de autoprotección.

→ Seguir mellorando a biblioteca do centro.

→ Por en práctica o plan lector e o plan anual de lectura.

→ Por en práctica o plan TIC.

→ Actualizar o proxecto lingüístico.

→ Por en práctica o plan de orientación.

## 2.1.1.-OBXECTIVOS QUE ATINXEN Ó CONSELLO ESCOLAR

a) Integrar de xeito efectivo a tódolos representantes do órgano colexiado e seguir a traballar, coordinados, para que a nosa meta común non sexa outra que a consecución dos obxectivos do centro.

b) Seguir a mellorar as relacións, tanto coa comunidade educativa como coas institucións alleas á mesma, que garantan un funcionamento efectivo do centro.

c) Fomentar a participación dos seus membros nas comisións que funcionan no seu seo (Comisión económica e Comisión de convivencia).

d) Colaborar, dun xeito activo, nas atribucións que ten asignadas no Capítulo III, art. 43º do Decreto 374/1996, do 18 de outubro, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Claustro de Profesores.

e) Fomentar a organización de actividades CC e EE, a ser posible gratuítas, que non supoñan un custo para as nais/pais, co fin de facilitar a máxima participación de todo o alumnado do centro. (Orde 22 xullo 1997, Cap. IX, AA CC e EE).

## 2.1.2.-OBXECTIVOS QUE ATINXEN Ó CLAUSTRO DE PROFESORES

a) Seguir a propoñer, tanto ó Consello Escolar, ó equipo directivo como a Admón., todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do colexio nos aspectos que se xulguen oportunos.

b) Facer efectivas as súas atribucións en relación coa planificación e organización docente.

c) Facilitar a adaptación do alumnado de 6º de EP ó IES "Castro Baronceli", ó que estamos adscritos, mediante unha xornada de convivencia concertada co instituto.

VOLTAR AO INDICE

d) Participar activamente nas competencias que están recollidas no Capítulo III, art. 47º do Decreto 374/1996, do 18 de outubro.
e) Colaborar co Concello, outros organismos institucionais (Consellería de cultura, educación e O.U., Consellería de sanidade, etc) e entidades privadas en campañas ou actividades que organicen e que o Claustro de profesores considere de interese educativo para o noso alumnado.
f) Fomentar o hábito lector, mellora da caligrafía e ortografía, así como potenciar o cálculo e as operacións básicas.
g) Determinar as pautas e procedementos de avaliación tendo en conta as directrices do Plan Xeral Anual do Centro.
h) Coordinar e controlar a programación valorando os resultados de avaliación como mellor procedemento para a revisión permanente da programación.
i) Valorar e experimentar métodos e técnicas innovadoras que permitan unha mellora cualitativa do ensino.
j) Propor no claustro de profesores o programa de actividades para o ciclo.
k) Formar un espírito creativo aproveitándose dos recursos do medio que nos rodea.
l) Propoñer o material didáctico a empregar por cada equipo.

## 2.1.3.OBXECTIVOS QUE ATINXEN Ó EQUIPO DIRECTIVO

a) Ser permeable ás propostas efectuadas, ben polos diferentes órganos colexiados (Claustro de profesores, Consello Escolar), ben polos diferentes integrantes da comunidade educativa, valorar as mesmas e estudar a súa viabilidade en relación co ben común do colexio.
b) Facilitar diferente información ós diferentes sectores da comunidade educativa con tempo abondo para que a poidan estudar con detalle.
c) Dar a coñecer ó profesorado tódalas convocatorias de cursos de formación que cheguen ó centro, técnicas de innovación pedagóxica, ampliación de coñecementos e alentar a asistencia ós mesmos. En particular, a utilización das novas tecnoloxías na práctica docente (Proxecto Abalar) e na xestión informatizada da biblioteca (Meiga) para que isto se traduza nunha mellora da calidade educativa para o centro.
d) Dinamizar e traballar na mellora da coordinación dos órganos de coordinación docente: equipo de ciclo de infantil, comisión de coordinación pedagóxica, EDNL, equipo de AA CC e EE, Departamento de orientación.
e) Xestionar diante dos organismos oficiais correspondentes o mantemento e as melloras das instalacións e servizos do centro así como na dotación de recursos humanos e materiais.

## 2.1.4.OBXECTIVOS QUE ATINXEN Ó ALUMNADO

a) Fomentar o hábito de lectura a través da biblioteca escolar, da aula e de actividades do centro: proxecto de animación á lectura e concursos de lectura.

VOLTAR AO INDICE

b) Potenciar a normalización do uso do galego como lingua vehicular do ensino e como lingua das relacións interpersoais.
c) Potenciar no alumnado o respecto polo medio ambiente e a contribución á súa conservación e mellora.
d) Velar polo mantemento das instalacións e servizos escolares inculcando nos alumnos/-as o respecto e coidado dos mesmos.
e) Potencia-lo respecto pola diversidade, por outras formas de vida e cultura.

## 2.1.5.OBXECTIVOS QUE ATINXEN ÁS NAIS/PAIS DO CENTRO

a) Colaborar coa ANPA na organización e funcionamento dos diferentes servizos que oferta o centro.
b) Colaborar e participar activamente nas renovacións do Consello Escolar e da ANPA.
c) Colaborar co centro e decatarse da importancia do seu papel na educación dos seus fillos/as e do fundamental que é a relación co centro, cos proxectos que este desenvolve e, en especial, coas titoras e titores dos seus fillos.

## 2.1.6 OBXECTIVOS DA CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN.

A participación e a convivencia canalizada a través do consello escolar é moi importante no funcionamento do centro. Por iso debemos ter claro o seguinte:

a) Trataremos sempre de que as actitudes que presenten os distintos estamentos da escola discorran parellas para mellorar a calidade na educación.
b) A relación cos pais/nais basearase no diálogo, colaboración e respecto.
c) Trataremos de solucionar os problemas a través do diálogo. Terase en conta o previsto no Plan de Convivencia do Centro e nas NOF (Normas de Organización e Funcionamento).
d) As relacións co persoal non docente serán no plano de igualdade, respectando os seus dereitos e tratando de que cumpran coas súas obrigas.
e) O alumnado non debe verse metido na problemática entre pais/nais - profesorado e profesorado/profesorado. Temos que demostrar madurez como exemplo para os nosos fillos/as ou alumnos/as, segundo os casos, daquilo que tanto estamos a falar, a tolerancia.
f) Imporanse sancións segundo as NOF (Normas de Organización e Funcionamento) ó alumnado que manifeste conductas que incidan gravemente no desenvolvemento da actividade do centro.
g) Tratarase de conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade.
h) Seguiranse protocolos recollidos nas normas de disciplina para previr e resolver os conflitos.
i) Aproveitaranse as diversas situacións que se producen no curso escolar para que o centro sexa un espazo de paz, respecto e diálogo.

VOLTAR AO INDICE

## 2.2.MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

O Equipo Directivo traballará para que os obxectivos propostos se acaden ó longo do presente curso escolar, realizando:

a) Xestións coas administracións públicas (Consellería Educación, concello de Oimbra, Xefatura territorial de Ourense) para conseguir melloras nas instalacións e formación do noso alumnado.
b) Coordinando e pulando o traballo en equipo do profesorado en beneficio da calidade do ensino.
c) Xestionando co CFR e co CAFI a formación de equipos de traballo, seminarios, asistencia a xornadas e cursos de formación do mestres/as do centro.
d) Traballando coa ANPA para mellorar o clima de entendemento entre os distintos estamentos da comunidade escolar.
e) Estimulando e facilitando medios materiais e económicos para realización de actividades fóra do horario escolar (obradoiros de teatro, música e baile tradicional, xogos populares, patinaxe,)
f) Xestionando co concello de Oimbra unha mellora na limpeza e vixilancia das inmediacións do recinto escolar.

## 2.3.RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

Dentro dos gastos de funcionamento anuais do Centro, contemplaranse distintas partidas para poder facer fronte ós gastos económicos que poidan ser necesarios para conseguir os obxectivos propostos. O Centro, poñerá ó servizo da comunidade educativa as instalacións e todo tipo de material audiovisual e TIC, necesarios en prol da mellora da calidade do ensino.

Procuraremos optimizar os diferentes espazos do centro, dado o contexto de edificio no que nos atopamos, para poder combinar as diferentes necesidades de aulas para docencia, apoios e actividades extraescolares.

Para isto contamos cos seguintes espazos:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- 3/4/5 anos: aula de Infantil

EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º DE EP: aula antigua biblioteca
- 2º DE EP: aula antigua biblioteca
- 3º DE EP aula 2º ciclo
- 4º DE EP: aula 2º ciclo
- 5º DE EP: aula exterior 3º ciclo
- 6º DE EP: aula interior 3º ciclo

VOLTAR AO INDICE

ESPECIALIDADES:

- INGLÉS: aula de inglés.
- MÚSICA: aula de música.
- E.F.: ximnasio interior e pabellón exterior
- RELIXIÓN CATÓLICA: o mestre acude a cada aula

OUTRAS AULAS:

- INFORMÁTICA: aula informática
- BIBLIOTECA
- ORIENTACIÓN
- PEDAGOXIA TERAPÉUTICA/ AL: Aula ó lado de infantil.

# 3. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.

## 3.1. CONCRECIÓN ANUAL DO PEC

A nosa proposta educativa concrétase cada ano na Programación Xeral Anual. Para a súa elaboración temos en conta o resultado da avaliación do curso anterior e as reflexións realizadas sobre as necesidades detectadas da nosa práctica educativa e no marco do noso Proxecto Educativo de Centro.

Toda a comunidade educativa traballa para que o noso centro eduque dende o principio dos sinais de identidade que se definen no noso PEC.

Como obxectivo xeral neste sentido e durante os cursos anteriores veuse traballando nesta liña e consideramos importante seguir co traballo iniciado e cos diferentes proxectos que del se derivan.

Neste curso académico 2023-2024, o fin é seguir revisando e adpatando este Proxecto Educativo do Centro e Anexos para a súa adaptación á LOMLOE.

## 3.2. MODIFICACIÓN DO PEC, SE É O CASO

En cursos pasados modificáronse os criterios de promoción de ciclo para cada curso de primaria adaptándoos á normativa vixente. Tamén se estableceron uns criterios de cualificación e o seu peso na nota final en función do nivel educativo así como instrumentos e métodos de avaliación empregados co alumnado.

No curso 2016-2017 elaborouse o documento que marca as Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) aprobado polo claustro e polo consello escolar, no que se marcan os dereitos, deberes e procedementos a levar a cabo polos distintos membros da comunidade educativa, así como as normas e procedementos para manter unha boa convivencia no centro.

VOLTAR AO INDICE

No curso 2018-2019, ademais de terminar de mellorar o Plan de autoprotección do centro seguiremos a mellorar e actualizar o PEC e revisar algúns aspectos do NOF tales como correccións relacionadas co uso dos móbiles e aparellos electrónicos de gravación e reprodución tanto no centro escolar como nas actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo polo centro, así como a actualización da autorización do uso da imaxe.

No curso 2021-2022 realizouse a modificación da concreción curricular seguindo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa sobre avaliación e a promoción nas ensinanzas de educación primaria.

Neste curso 2023-2024 realizaránse modificacións para adaptarnos á Orde do 26 de maio de 2023 e a Orde do 30 de maio do 2023 segundo as cales se regula a avaliación das etapas de primaria e infantil respectivamente.

## 3.3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE NEAE (PXAD)

### 3.3.1 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares; diferenzas en canto a aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, ámbitos sociais e culturais, etc. Estes aspectos conforman tipoloxías e perfís no alumnado que deben determinar en boa medida a planificación e acción educativa, é dicir, serán estes aspectos os que nos guiarán na planificación das medidas e accións de atención á diversidade.
Dentro desta diversidade xeral debe recoñecerse que algúns alumnos/as poidan manifestar necesidades específicas de apoio educativo debido ao cal requirirán, de xeito temporal ou permanente, unha atención diferente á ordinaria por:

- presentar necesidades educativas especiais (alumnado que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de minusvalidez ou trastornos graves de conduta).
- presentar dificultades específicas de aprendizaxe.
- presentar altas capacidades intelectuais.
- incorporarse tarde ao sistema educativo.
- condicións persoais ou de historia escolar.
- TDAH (modificación introducida pola LOMCE no artigo 71.2 da LOE).

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades será necesario ir adaptando as respostas educativas sempre dende as menos significativas ás de maior significatividade rexéndose sempre

VOLTAR AO INDICE

polos principios de inclusión e normalización, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.

## 3.3.2 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A través da avaliación inicial ademais das avaliacións periódicas trimestrais realizadas polos titores detectaranse e valoraranse as necesidades educativas que o alumnado poda manifestar e tomaranse as medidas oportunas a nivel de aula.

En caso de problemática específica que requira intervención individualizada o titor/a do alumno ou alumna en cuestión solicitará a intervención do Departamento de Orientación a través da cumprimentación do formulario correspondente que aparece recollido ao final do presente documento (Documentos 1 e 2).

Nestes casos de intervención específica e individual os criterios de prioridade para a valoración de alumnos e alumnas derivados ao Departamento de Orientación serán os seguintes:

- Alumnos/as para os que sexa necesario facer avaliación psicopedagóxica en prazo prefixado (alumnado con necesidades previamente diagnosticadas que precisen revisión por cambio de etapa, alumnado susceptible de ser proposto para un cambio na escolaridade, etc.)
- Alumnos expresamente indicados pola Dirección por concorrer neles circunstancias que demanden urxencia na atención.

A continuación serán atendidos procurando a alternancia primaria-infantil e tamén a urxencia.

## 3.3.3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

a) Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá adaptando a realidade a cada alumno/a.
b) Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidades nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
c) Desenvolver medidas de tipo curricular.
d) Optimizar a organización dos recursos do centro.
e) Potenciar a acción titorial.
f) Fomentar a participación dos pais, nais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
g) Impulsar a participación do profesorado en programas de formación e innovación.

## 3.3.4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o decreto 229/2011 do 7 de decembro considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración

VOLTAR AO INDICE

significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

A elaboración das medidas seguen o establecido na Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado do centros de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
f) Desdobramentos de grupos.
g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
h) Programas de enriquecemento curricular.
i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
j) Programas de recuperación.
k) Programas específicos personalizados.
l) Programas de habilidades sociais.

Neste mesmo decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

VOLTAR AO INDICE

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunhas ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

a) Adaptacións curriculares.
b) Agrupamentos flexibles.
c) Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
e) Programas de diversificación curricular.
f) Programas de cualificación profesional inicial.
g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
h) Grupos de adquisición das linguas.
i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

## 3.3.5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

### 1. Criterios na organización dos apoios

Orientación (xunto mestra da AL) realizará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica priorizando do seguinte xeito:

a) 1º Alumnos/as con neae con ACS
b) 2º Alumnos/as con neae sen ACS priorizando dentro deste grupo os alumnos con NEE
c) 3º Alumnos/ con NEAE distinta da NEE (alumnado con dificultades de aprendizaxe, alumnado con altas capacidades, alumnado de incorporación tardía, alumnado con neae derivadas das condicións persoais ou de historia escolar, alumnado con TDAH).

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) levarase a cabo, atendendo aos principios de integración, normalización e individualización das aprendizaxes.

Non obstante debemos ter en conta o artigo 6 do capítulo II do Decreto 229/2011 do 7 de decembro no que di que: os centros deberán optimizar a organización dos recursos para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.

Así mesmo, poderanse constituír, con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio extraordinaria para o alumnado con NEAE (cap. 2, art. 9 decreto 229/2011). Tales medidas non poderán exceder a terceira parte da xornada escolar (art.19 orde 27 decembro 2002).

En tal caso os criterios para o agrupamento serán os seguintes:

a) criterio xeral atenderá as necesidades do alumnado.
b) Os alumnos terán un similar nivel de competencia curricular (procurando que non sexa excesiva a diferencia de idade).
c) Os grupos serán flexibles (non sempre teñen que estar formados polos mesmos alumnos/as)
d) Os alumnos con descoñecemento do idioma deben ser agrupados con máis alumnos xa que a interacción será unha fonte de aprendizaxe.
e) Evitarase a ausencia nas materias non instrumentais que favorecen a integración.

## 2. Criterios na decisión sobre a non promoción do alumnado

Á hora de decidir sobre a **non promoción** dun alumno ó curso seguinte teranse en conta que a decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora así coma os criterios de promoción aprobados polo claustro do profesorado; criterios que se concretan en:

**Educación Infantil**

Promocionará todo o alumnado, agás excepcións contempladas na actual normativa.

**Educación Primaria**

Según a Orden do 26 de maio do 2023, art. 24 o alumnado promocionará:

1. Al finalizar los cursos segundo, cuarto y sexto de la etapa, y a consecuencia del proceso de evaluación, el equipo docente adoptará la decisión sobre la promoción de cada alumna o alumno. La promoción en el resto de cursos de la etapa será automática.
2. La decisión de permanencia en el mismo curso solo podrá adoptarse una vez durante la etapa, oídas las madres, los padres o las personas tutoras legales.
3. El alumnado que alcance la promoción de curso con alguna área o ámbito con calificación negativa recibirá los apoyos necesarios para recuperar los aprendizajes que no alcanzase el curso anterior.
4. El alumnado que no alcance la promoción permanecerá un año más en el mismo curso. La permanencia en el mismo curso se considerará una medida de carácter excepcional y se tomará si, tras aplicar las medidas comunes suficientes, adecuadas y personalizadas para atender el desfase curricular o las dificultades de aprendizaje de la alumna o del alumno, el equipo docente considera que la permanencia un año más en el mismo curso es la medida más adecuada para favorecer su desarrollo. En ese caso,

VOLTAR AO INDICE

el equipo docente elaborará, bajo la coordinación del profesorado tutor, un plan específico de refuerzo para que, durante ese curso, la alumna o el alumno pueda alcanzar el grado de adquisición de las competencias clave correspondientes.

Para la elaboración y el seguimiento de dicho plan específico de refuerzo se seguirá lo establecido en el artículo 50 de la Orden de 8 de septiembre de 2021.

### 3.3.6.CONCRECIÓN DAS ACCIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS

É fundamental contemplar e planificar na medida do posible unha estreita coordinación entre os/as titores/as que contan con alumnado con NEAE, o profesorado que imparte o apoio a este alumnado, a mestra de AL, o mestre de PT e tamén a Orientadora (dada a necesidade da súa colaboración no asesoramento e orientación ao profesorado naqueles aspectos que este demande). Por este motivo dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica e baixo a coordinación da Directora organizaranse as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro do alumnado con NEAE elaborando estratexias e metodoloxías axeitadas a cada caso, adaptando os contidos e tamén perfeccionando a función de colaboración dos mestres de apoio, desenvolvendo unha función de seguimento permanente o que fai posible unha flexibilidade ao longo de todo o curso nos agrupamentos e nos tempos dos apoios (tanto dentro do grupo-clase, como na aula de AL ou PT).

Os especialistas responsables máis directos da atención os ACNEAE, así coma a Orientación reuniranse periodicamente para realizar unha avaliación do proceso. A partir da súa realización permítese ir introducindo a tempo as modificacións oportunas sen necesidade de esperar ó final do curso.

Para o cumprimento das funcións fixadas polo Art. 11º da Orde 24/07/98 que desenvolve o decreto 120/1998 (DOG de 27/04/1998) sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria a adicación da Orientacion ó CEIP de Oimbra será de tres días á semana atendendo tamén a outros centros da contorna e sendo este o seu centro base.

A Orientacion adica o seu tempo ós seguintes aspectos con criterio preferente pero flexible (como queda reflectido na distribución horaria):

1. Avaliación psicopedagóxica dos ACNEE.
2. Actuacións con ACNEE e actuacións de grupo.
3. Observación na aula dos alumnos con NEE.
4. Atención a pais.
5. Coordinación con titores.
6. Reunións de Departamento e outras.

VOLTAR AO INDICE

Na xornada dos mércores pola tarde serán convocadas, con carácter mensual, reunións do Departamento de Orientación. Así mesmo levaranse a cabo cantas reunións de coordinación sexan precisas ao longo do curso.

De ser o caso e, aproveitando a asistencia dos pais ás titorías, se así o requiren, serán atendidos polo Orientador os luns de 16 horas a 17 horas nas titorias, así como nos recreos previa cita sempre que sexa posible. Esta flexibilidade de horario é debida á dificultade que teñen moitos pais/nais para achegarse ó Centro.

### 3.3.7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E DE COLABORACIÓN

A coordinación levarase a cabo a través dos distintos equipos que temos no centro. En primeiro lugar atopamos o Departamento de orientación que está formado por:

**Compoñentes do Departamento de Orientación.**

- Dna Marta Estévez Cebrián . Orientadora e Xefe do Departamento.
- Dna. Rosa Ballesteros Fernández PT do CEIP de Oímbra.
- Dna. Manuela González López titora de 4º-5º - 6º de E.I do CEIP de Oímbra.
- Dna. Sandra Diz García. Titora de 1º e 2º de E.P. do CEIP de Oímbra.
- Dn. Eduardo Antonio Pérez Novo. Títor de 3 º e 4º de E.P do CEIP de Oímbra.
- Dna. Montserrat Fernández Montes.Títora de 5º de E.P. do CEIP de Oímbra.
- Dna. María Bazaco Budiño. Títora de 6º de E.P. do CEIP de Oímbra.
- Dna. Esther Vega Seoane. Mestre de P.T. do “C.E.I.P. de MEDEIROS”
- Dn. Diego Rdez. Batista , Mestre de A.L e representante do centro adscrito “C.E.I.P. Vicente Risco de CUALEDRO”.
- Dna.Mercedes Iglesias González. Mestre de P.T do CEIP Vicente Risco de Cualedro.
- Dna. María Ballesteros Fernández, Mestre de A.L e representante do centro adscrito “C.R.A. de MONTERREI”.

O departamento realizará as seguintes funcións:

a) Valorar as necesidades educativas e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción titorial dos centros e o plan de atención á diversidade así como coordina-lo profesorado
c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades

VOLTAR AO INDICE

específicas de apoio educativo e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e a resolución de conflitos de relación interpersoal .
g) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

**MESTRE DE PT E ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO NO CEIP DE OIMBRA.**

No presente curso escolar 2023-24 este alumnado terá un seguimento individualizado por parte da mestra de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica, en coordinación cos mestres/as titores/as deste alumnado e contando co asesoramento do Equipo de Orientación.

A profesora de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica ten xornada completa no noso centro. Atende a un total de doce nenos/as.

En xeral, os alumnos presentan dificultades en lecto-escritura, en razoamento lóxico-matemático, e na capacidade de atención que afecta a todo o seu rendemento escolar. Dificultades moitas veces agravadas polo contexto socio-familiar.

### 3.3.8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, TITORES LEGAIS OU SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

O modelo educativo actual concédelle un papel fundamental ás familias nos centros educativos e cre na posibilidade de desenvolver unha xestión participativa e un control democrático dos centros, tendo todos os membros da comunidade educativa o desexo de realización de un traballo compartido. De ahí que se establezan canles de participación familiar que podemos dividir en dous g3randes grupos:

- canles de participación individual.
- canles de participación colectiva.

Mediante as canles de participación individual o que pretendemos é posibilitar o coñecemento do alumno e a familia, intercambiar información (o cal resulta moi necesario, especialmente nos niveis máis inferiores) e facilitar a adaptación do neno ao medio escolar. Mencionar aquí as entrevistas, os

encontros informais entre pais e mestres, as libretas bidireccionais, informes escritos, circulares, chamadas telefónicas...

Coas canles de participación colectiva pretendemos posibilitar o intercambio de experiencias entre as distintas familias, facilitar o coñecemento ao grupo ao que pertence o alumno (reunións de pais) ou mesmo participar na xestión do centro educativo, esto último a través do Consello Escolar ou da ANPA.

É importante tamén a coordinación cos diversos servizos externos ao centro, que nos axudarán no desenvolvemento das nosas competencias cando así os precisemos. Resulta positivo saber da existencia destes recursos e buscar colaboración, pedir axuda sen medo a que se cuestionen os nosos coñecementos e a nosa profesionalidade. Destacamos:

- Profesionais do CFR.
- Equipos de Orientación Específica (EOE) de ámbito provincial e cos especialistas específicos. Estes equipos están para asesorar e apoiar ós Departamentos de Orientación.
- Centros de Educación Especial (como centros de recursos).
- Inspección Educativa (asesoramento técnico-pedagóxico).
- Recursos dependentes de outros ministerios: sobre todo da Consellería de Sanidade e de Asuntos Sociais.
- Outros profesionais (Asociación de autismo, Pediatra, Foniatra, Audioprotesista, Psicólogo/a, Logopedas...).

### 3.3.9. PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

A través da avaliación inicial, ademais das avaliacións periódicas trimestrais, detectaremos e valoraremos as necesidades educativas sendo abordadas, na medida do posible, dende a aula a través dos seguintes aspectos:

1. Respecto á temporalización
   1.1. Modificar o tempo para a realización das tarefas, adquisición de contidos....
   1.2. Acelerar/desacelerar a introdución de novos contidos.
2. Respecto á metodoloxía e as actividades
   2.1. Establecemento de diferentes niveis de axuda dentro da aula.
   2.2. Deseñar actividades con diferente grao de complexidade.
   2.3. Utilizar o traballo cooperativo.
   2.4. Asegurarse de que os alumnos/as comprenderon a información, incluso das diferentes partes que compoñen a tarefa.
3. Respecto aos materiais.

VOLTAR AO INDICE

3.1. Adecuar a complexidade dos materiais (resumos...)

3.2. Utilizar variedade de recursos (fotografías ordenador, vídeos...)

4. Respecto aos agrupamentos

4.1. Fomentar a aprendizaxe entre iguais (colaboración entre alumnos, traballo cooperativo...)

5. Respecto á avaliación

5.1. Proporcionar información clara dos criterios de avaliación e cualificación.

5.2. Avaliar os distintos tipos de contidos non só os conceptuais.

5.3. Seleccionar instrumentos de avaliación variados (probas orais, escritas traballos en grupo, tipo test...)

5.4. Avaliar no só o produto se non o proceso.

6. Respecto dos obxectivos e contidos

6.1. Priorizar obxectivos en función das características do alumnado e da importancia para adquisición de competencias básicas.

6.2. Organizar e secuenciar de forma distinta.

6.3. Tratar de forma equilibrada os distintos tipos de contidos, non dar máis importancia aos de tipo conceptual.

6.4. Establecer plans individualizados para que ainda traballando os mesmos contidos non todos os teñan que traballar ó mesmo ritmo, nin co mesmo nivel de dificultade.

En caso de problemática máis específica que requira intervención máis individualizada, que parta da avaliación do Departamento de Orientación o titor cumprimentará os Documentos 1 e 2 e enviará as familias o Documento 3 (adxuntos ao remate deste documento).

Neste caso os criterios de prioridade para a valoración de alumnos e alumnas derivados ao Departamento de Orientación serán os seguintes:

        - Porta traseira (Agás se tratase dunha emerxencia na zona da cociña ou tanques do combustíble, que o farían pola porta dianteira): 3º/4º e 5º/6º de primaria e o alumnado que se atope na aula de plástica.
        - Porta dianteira: sairán primeiramente o alumnado de Educación Infantil e logo 1/2º de primaria. Despois os alumnos que se atopen nas aulas de EF., Inglés, Música, Pedagoxía Terapéutica ou Audición e Linguaxe. A continuación todas aquelas persoas que se atopen nas dependencias contiguas.
- O alumnado sairá camiñando áxilmente, sen demorarse ou obstaculizar o paso nas portas. Se algunha persoa se atopa por calquer motivo apartado do seu grupo nese momento incorporarase á fila ou grupo que teña máis próximo. O profesor/a comprobará que non queda ningún neno/a atrás e logo dirixirá ó seu grupo ata o punto de encontro no exterior do centro.
- Unha vez fóra o alumnado colocarase preto das cancelas ou de tratarse dun terremoto na pista polideportiva.
- Sinal de alarma: Recoñecerase a situación de emerxencia por medio de toques de timbre intermitentes durante o tempo necesario.

VOLTAR AO INDICE

# 3.21. HORARIO DE ATENCIÓN ó PÚBLICO.

## 3.21.1.- HORARIO DE DIRECCIÓN.

| HORARIO DE ATENCIÓN Ó PUBLICO DE DIRECCIÓN | |
|---|---|
| | DIRECCIÓN |
| **LUNS** | 9:45-10:45 |
| **MARTES** | 9:45-10:45 |
| **MÉRCORES** | 9:45-11:45 |
| **XOVES** | 9:45-10:45 |

VOLTAR AO INDICE

### 3.21.2.- HORARIO DE TITORÍAS NAIS/PAIS

**HORARIO DE TITORÍA COAS NAIS/PAIS**

| | |
|---|---|
| **LUNS** | De 16:00 a 17:00 horas |
| | Debido a que moitos pais/nais teñen dificultades para acudir as titorías, poderase atender aos mesmos en recreos ou horas de garda se hai dispoñibilidade e previa cita.<br>No mes de setembro farase unha única reunión cos pais por titorías. No curso 2022-2023 a reunión será o 6 de SETEMBRO nas distintas titorías. |

### 3.21.3.- HORARIO DO ORIENTADOR/A DE ATENCIÓN NAIS /PAIS

| HORARIO DO ORIENTADOR | |
|---|---|
| **LUNS** | De 16:00 a 17:00 horas |

### 3.21.4.-HORARIO DE ACOLLIDA TEMPERÁ

| Datas | Horario | Lugar |
|---|---|---|
| **12-09-2023 ó 21-06-2024** | 8:00 a 9:45 | Comedor. Servizo prestado polo Concello de Oímbra. |

### 3.21.5.- HORARIO DE COMEDOR ESCOLAR

| Datas | Horario Comedor | Número de prazas | Lugar |
|---|---|---|---|
| **11-09-2023 ó 21-06-2024** | 14 a 15.15 horas | 70 | Comedor Escolar |

## 3.22. PLAN APARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Os procesos educativos teñen lugar tamén en institucións distintas da escolar; sobre todo, e cun grao de responsabilidade  e/ou capacidade de decisión bastante elevado, na familia.

A familia non é só importante pola súa acción educativa senón tamén pola súa capacidade motivadora e potenciadora de tódalas aprendizaxes que o neno/a faga en calquera outro contexto e pola súa capacidade de progresar e desenvolver a súa competencia educativa.

VOLTAR AO INDICE

O labor educativo como unha tarefa colectiva, de colaboración na que cada sector ten as súas funcións e na que é preciso que tódolos sectores que interveñen nela traballen para os mesmos obxectivos de xeito cooperativo, coordinado e construtivo. Isto significa "a necesidade de coñecemento mutuo, de compartir e acordar criterios educativos entre os principais contextos do desenvolvemento das nenas e nenos".

A nova escola pública ten o reto de alumear novas reflexións e experimentacións para desenvolver a cultura da colaboración que, superando prexuízos e corporativismos, abra as portas a novos e máis diversos modelos de xestión democrática e participativa, ás iniciativas máis creativas dos distintos colectivos, a novos contextos de interrelación social.

## 3.22.1. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO:

- Aprender e ver a conveniencia e necesidade de compartir o poder existente nos centros e perder o reparo a ese reparto, xa que con isto gañará profesional e socialmente.
- Conseguir das familias un maior achegamento, coñecemento e apoio ó que facemos e ó que necesitamos dende os centros.
- Situarnos nunha posición de escoita e atención cara á familia, valorando a importancia do que poida dicir, apreciando o seu valor como educadora e propiciando o achegamento mutuo e participación.

## 3.22.2. OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS:

- Participar no encontro co titor/a do seu fillo/a para compartir información sobre o neno ou a nena, para coñecer cales son las liñas xerais da titoría, para poñerse a disposición do/a titor/a en canto a apoiar dende a casa o labor da escola.
- Asistir a tódalas reunións que se convoquen dende o centro, aula, nivel, etc. cunha actitude de crítica construtiva, de cooperación e colaboración.
- Participar nas comisións de traballo que se cren, tanto dende as reunións como nos órganos de goberno do centro.

VOLTAR AO INDICE

| PLAN ORGANIZACIÓN DE RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA | | | |
|---|---|---|---|
| **REUNIÓN** | AGRUPAMENTO | TEMPORALIZACIÓN | OBXECTIVO |
| **REUNIÓN GLOBAL NAIS/PAIS** | PEQUENO GRUPO POR TITORÍAS | SETEMBRO | Informar das liñas xerais do plano de traballo do curso. |
| **TITORIAS** | INDIVIDUAL | OS LUNS DE 16:00 A 17:00 | Intercambio periódico de información titor-nai/pai sobre casos particulares. |
| **CHARLAS, OBRADOIROS,…** | GRUPOS REDUCIDOS | SEN CONCRETAR | Tratar temas de interese para toda a comunidade educativa. Colaboracións diversas co centro. |

## 3.23. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O Transporte Escolar do Centro é denominado Transporte Escolar Integrado e depende da Consellería de Infaestruturas, Vivenda e Solo. É realizado por dous autobuses da empresa UTE SOCIEDAD DE TRANSPORTES SL KAUTRAS SL que cubren as dúas rutas que hai.

- Ruta nº 1: *O Terrón /Oímbra (centro médico): transporta ao alumnado de O terrón, Rabal, San Cibrao, O Rosal*
- Ruta nº 2: *Videferre/ Oímbra*: transporta ao alumnado de Bouses, Casas dos Montes, A Granxa, As Chas

O Transporte Escolar é compartido co C.E.I.P. "Princesa de España" e o IES "Castro Baronceli".

A día de presentar esta PXA, os servizos de transporte están pechados. Non obstante por un erro persistente na aplicación de transporte, cinco alumnos que están realizando o servizo aínda non están metidos. Tanto transporte como mobilidade están informados. Dende o servizo de mobilidade comunícase que os listados de alumnado transportado se fagan dende o centro e sexa comunicado á empresa.

## 3.24. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O servizo de comedor este ano, enmárcase dentro da  modalidade C, onde a empresa adxudicataria elabora na comida para o colexio e para otros centros, encargándose tamén de distribuíla a esos

VOLTAR AO INDICE

centros. Dentro do mesmo lote encontránse o IES “Cidade de Antioquía” o IES “Lago da Antela”, o IES Allariz, o CEIP de Medeiros e o CEIP de Baltar.

Este ano a empresa adxudicataria é “Os Ventos”, a cal encargase ademáis da comida, do servizo de mesas e posterior vixilancia do alumnado entre as 14.45 e as 15.15 h.

O servizo de Comedor Escolar é utilizado por tódolos alumnos/as transportados e aqueles outros que o desexen sempre que haxa prazas dispoñibles. Realízase nunha única quenda para todo o alumnado, desde as 14.00 h. ás 15:15 h.

O responsable do comedor escolar é a Directora que este ano delega en Montserrat Fernández Montes, mestra do colexio

## 3.25. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

A. PROTOCOLO DE AUTORIZACIÓNS

Para a utilización das instalacións do centro por entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase solicitude á dirección do centro , que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación ó Departamento Territorial de Educación que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección educativa. Para uso ocasional ou con carácter excepcional, o director poderá autoriza-lo uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A utilización das instalacións pola ANPA, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa ó director do centro cunha antelación mínima de tres días.

As solicitudes presentaranse por escrito e con antelación suficiente na que o solicitante se responsabilizará do correcto uso do mobiliario e instalacións e se comprometerá a restaurar ou reparar posibles danos.

O uso das instalacións non alterará o normal desenvolvemento da actividade docente.

Para o uso ocasional e con carácter excepcional a dirección do centro poderá autorizar o uso das instalacións igualmente previa solicitude e cumprindo ós requisitos esixidos.

B. SOLICITUDES CON INFORME FAVORABLE

Permitirase a utilización das instalacións do centro e contarán con informe favorable as solicitudes:

a) para a realización das actividades extraescolares utilizando as aulas específicas asignadas segundo a actividade de que se trate.
b) por parte da administración educativa, concello ou outros para a realización de: actividades de formación do profesorado, obradoiros, cursos, actos culturais...

VOLTAR AO INDICE

c) para a realización de asembleas da Asociación de Nais e Pais e as súas reunións habituais.

## 3.26. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

As actividades propostas pola Anpa para este curso 2023/2024 son:

1. Inglés.
2. Multideporte
3. Iniciación á lectura
4. Lecto-escritura
5. Pintura
6. Ludoteca infantil.
7. Informática.
8. Fútbol sala

Ditas actividades comezaron no mes de Outubro. Non obstante sinalar que no mes de Setembro, para axudar ás familias a conciliar, levouse a cabo un plan de permanencia no centro dende as 13.30 ata as 15.30.

## 3.27. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

### Avaliación do alumnado:

Tal e como se establece na Orde do 26 de maio do 2023 pola qu se regula a avaliación na etapa de Ed. Primaria, ao longo do curso se realizará unha de avaliación inicial, tres sesión de avaliacións parciais e una avaliación final. As datas sinaladas para as avaliacións parciais son as seguintes:

- **1ª AVALIACIÓN**: A reunión de avaliación será o 13 de decembro e entrega boletíns o 21 de decembro.
- **2ª AVALIACIÓN**: A reunión de avaliación será o 13 de marzo e entrega boletíns o 22 de marzo.
- **3ª AVALIACIÓN**: A reunión de avaliación será o 12 de xuño e entrega boletíns o 21 de xuño.

As sesión de avaliación serán coordinadas pola persoa titora e nelas participará o equipo docente. O profesorado especialista en PT/AL asistirá as sesións de avaliación do alumnado que atiende. Se contará tamén co asesoramento da xefatura do departamento de Orientación e ca dirección.

Os titores levantarán a correspondente acta de desenvolvemento de cada una das sesións de avaliación, especificando aqueles aspectos referidos á valoración dos aprendizaxes do alumnado, da práctica docente e das propostas de mellora.

VOLTAR AO INDICE

Na avalliación final o titor/a elaborará un informe final de ciclo, ao finalizar os cursos 2º, 4º, e 6º da etapa. Ademáis ao finalizar a etapa a persoa titora elaborará un informe final sobre a evolución e grado de desenvolvemento das competencias clave de cada alumnos/a.

### CRITERIOS XERAIS de promoción en primaria

Seguindo a Orde do 26 de maio do 2023 pola que se regula a avaliación dentro da etapa educativa de primaria, no artículo 24 *Promoción establece varios criterios a seguir:*

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

3. O alumnado que alcance a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

4. O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas comúns suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do devandito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

### DESTREZAS NECESARIAS A VALORAR NA DECISIÓN DE PROMOCIÓN

Os alumnos con algunha área pendente só poderán acceder ó curso ou etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non lles impidan seguir con aproveitamento o novo curso ou etapa. Por iso, terase en conta o dominio dos contidos básicos alcanzados en cada nivel. Propóñense como **criterios mínimos** para superar as áreas instrumentais e imprescindibles para aproveitar o seguinte curso ou etapa:

VOLTAR AO INDICE

## A FINAL DE PRIMEIRO

*Lengua/Lingua*

- Comunícase adecuadamente de forma oral:
- Describe seres e lugares.
- Pide información.
- Comprende o sentido global de mensaxes orais da vida cotiá.
- Le e comprende textos breves:
- Narracións e diálogos
- Instrucións sinxelas dadas por escrito.
- Recoñece todas as letras do abecedario.
- Escribe ó ditado palabras e frases sinxelas.
- Ordena correctamente frases sinxelas.
- Distingue entre tempos presente, pasado e futuro.
- Identifica os aspectos básicos dos seguintes elementos gramaticais:
- Sílabas, palabras e oracións.
- Masculino e feminino.
- Singular e plural.

*Matemáticas*

- Le e escribe números, con cifras ata 100 e con letras ata 20.
- Coñece os números ordinais correspondentes ós dez primeiros números.
- Identifica números pares e impares.
- Realiza operacións de sumas (con e sen levadas) e restas (sen levadas) de números de dúas cifras.
- Le a hora (en reloxos analóxicos e dixitais) en punto e medias.
- Nomea e recoñece figuras planas (cadrado, triángulo, rectángulo e círculo).
- Recoñece as posicións no espazo (arriba, abaixo, esquerda, dereita, dentro e fora).

## A FINAL DE SEGUNDO

*Lengua/Lingua*

- Comunícase de forma oral adecuadamente con orde e coherencia en descricións de seres, obxectos e lugares e narracións sinxelas.
- Le en voz alta (sen silabeo, con ritmo adecuado) distintos tipos de texto e comprende o seu contido.

VOLTAR AO INDICE

- Escribe ó ditado textos sinxelos, respectando os coñecementos ortográficos e gramaticais adquiridos:
    - Uso da maiúscula.
    - m diante de p e b.
    - r e rr entre vocais.
- Signos de puntuación: punto seguido, punto e aparte e signos de interrogación.
- Separa as sílabas nunha palabra.
- Recoñece aspectos gramaticais:
- Xénero e número.
- Nomes propios e comúns.
- Compón textos narrativos dunhas 20 palabras.

### *Matemáticas*

- Le e escribe, tanto con cifras como con letras, números menores de 1.000.
- Utiliza con corrección os números ordinais correspondentes ós 10 primeiros.
- Establece equivalencias entre centenas, decenas e unidades.
- Utiliza os números pares e impares.
- Realiza operacións de sumas e restas de números de dous e tres cifras, con e sen levadas.
- Resolve problemas sinxelos relacionados coa vida diaria que impliquen unha operación.
- Coñece o concepto de multiplicación e domina as táboas de multiplicar do 1, 2, 5 e 10.
- Suma e resta mentalmente un número dunha cifra a outro de dúas cifras.
- Coñece as unidades fundamentais de medida: lonxitude (Metro), peso (Quilogramo) e capacidade (Litro).
- Coñece as unidades para medir o tempo: día, semana, mes e ano.
- Le a hora (en punto, cuartos e medias)
- Nomea segundo os seus lados e recoñece figuras planas (cadrado, triángulo, rectángulo e círculo)
- Recoñece e nomea corpos xeométricos (cubo, pirámide e esfera).

## A FINAL DE TERCEIRO

### *Lengua/Lingua*

- Comunícase adecuadamente de forma oral:
- Expresa opinións propias, sobre temas da súa vida cotiá.
- Resume textos sinxelos escoitados mantendo a orde.
- Segue instrucións orais breves.

VOLTAR AO INDICE

- Le textos breves con fluidez, boa pronunciación e ritmo adecuado, en diferentes formatos como noticias, narracións, diálogos, poesías… (3º)
- Compón textos narrativos e descritivos dunhas 60 palabras, coidando:
  - A presentación
  - A caligrafía
  - As marxes
- A ortografía
- Recoñece, polo menos:
  - Determinantes: artigos, demostrativos, posesivos e numerais.
  - Substantivos
  - Verbos
  - Adxectivos
  - Xénero.
  - Número
- Oración
- Utiliza de xeito correcto, ademais das regras de 1º e 2º:
  - g e j (ja, ge, gi, jo, ju)
  - c, qu e z
- Clasifica palabras polo número de sílabas.

*Matemáticas*

- Le e escribe números menores que 99.999.
- Coñece os números ordinais correspondentes ós 20 primeiros números.
- Realiza operacións de sumas e restas de números de catro cifras, con e sen levadas.
- Coñece o concepto de multiplicación e domina as táboas de multiplicar do 1 ó 10.
- Realiza multiplicacións (multiplicando de catro cifras e multiplicador dunha cifra).
- Realiza divisións exactas de tres números no dividendo e un no divisor.
- Realiza mentalmente
- Sumas de tres números: dous dunha cifra e outro de tres acabado en cero.
- Restas co minuendo múltiplo de cen e o sustraendo de dous ou tres cifras con unidades e decenas en cero.
- Le, escribe, representa e comprende o significado de fraccións con numerador e denominador menor de dez.
- Coñece as equivalencias entre as unidades de medida de tempo, lonxitude, peso e capacidade.

VOLTAR AO INDICE

- Coñece os ángulos e clasifícaos en agudos, rectos e obtusos.
- Nomea e recoñece os polígonos de 3, 4, 5 lados.
- Diferenza entre círculo e circunferencia.
- Resolve problemas con cantidades sinxelas, utilizando suma, resta e multiplicación.

## A FINAL DE CUARTO

*Lengua/Lingua*

- Compón textos narrativos, descritivos e expositivos, resumos, instrucións e esquemas, dunhas 100 palabras, coidando:
    - A presentación
    - A caligrafía
    - As marxes
    - A organización no papel
    - A ortografía
- Participa en conversacións e debates dando a súa opinión de forma coherente e ordenada, respectando a quenda e utilizando un vocabulario apropiado ó contexto.
- Le e comprende diferentes tipos de texto lidos en voz alta ou en silencio e responde ás preguntas realizadas sobre devanditos textos.
- Sabe utilizar o dicionario sen axuda.
- Recoñece os diferentes tipos de palabras dentro dunha frase (determinantes, nomes, verbos e adxectivos)
- Utiliza as formas verbais adecuadas a un contexto determinado de verbos regulares e verbos irregulares habituais.
- Distingue a sílaba tónica dentro dunha palabra e clasifica as palabras en agudas, graves ou esdrúxulas

*Matemáticas*

- Le e escribe números menores de 1.000.000 con cifras e con letras.
- Coñece os ordinais dos 39 primeiros números naturais.
- Suma e resta números de seis cifras, con levadas e sen levadas.
- Realiza multiplicacións con multiplicando e multiplicador de dúas cifras.
- Realiza divisións de seis cifras no dividendo e unha no divisor.
- Realiza operacións de cálculo mental como estas:
    - Sumas de tres números dunha cifra.

  - Restas dun número de tres cifras menos outro de dous.
  - Restas de múltiplos de 10, 100 ou 1000
- Multiplicacións pola unidade seguida de ceros.
- Comprende o significado de fraccións e sabe resolver problemas sinxelos con fraccións.
- Coñece os números decimais e realiza sumas, restas e multiplicacións con eles.
- Coñece e emprega as equivalencias nas unidades de tempo, lonxitude, peso e capacidade.
- Aplica razoamentos matemáticos básicos para resolver problemas que impliquen operacións combinadas.
- Manexa táboas sinxelas de dobre entrada.

## A FINAL DE QUINTO

*Lengua/Lingua*

- Sabe utilizar a lingua oral para distintas finalidades (académica, social, lúdica, expresiva…) e necesidades (narrar, describir, informarse, dialogar, argumentar…)
- Le en voz alta adecuadamente todo tipo de textos.
- Utiliza estratexias para a comprensión de textos escritos:
  - Deduce polo contexto
  - Extrae Ideas principais e secundarias.
  - Saca conclusións
- Presentación adecuada dos traballos escritos utilizando adecuadamente regras ortográficas e signos de puntuación e acentuación.
- Redacta textos narrativos incluíndo diálogos e descricións e seguindo unha orde temporal.
- Distingue as diferentes clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, determinantes e pronomes).
- Identifica Suxeito e predicado nunha oración simple e os seus núcleos.
- Distingue entre prosa e verso.

*Matemáticas*

- Le e escribe, tanto con cifras como con letras, calquera número natural.
- Coñece a numeración romana e as equivalencias coa numeración decimal.
- Domina o cálculo e as catro operacións básicas con números naturais e decimais.
- Le e escribe fraccións, sabe ordenalas, simplificalas e realizar algúns cálculos sinxelos.
- Resolver problemas relacionados coa contorna, aplicando as operacións de cálculo: suma, resta, multiplicación e división por varias cifras.

VOLTAR AO INDICE

- Coñece o Sistema Métrico Decimal e realiza cambios de unidades nas medidas de lonxitude, superficie, capacidade e peso.
- Recoñece os elementos básicos relacionados coa circunferencia. (arco, corda…)
- Clasifica as diferentes figuras xeométricas e calcula as súas superficies e perímetros
- Interpreta e elabora distintos gráficos estatísticos sinxelos.

## A FINAL DE SEXTO

### *Lengua/Lingua*

- Exprésase oralmente con claridade, coherencia e corrección.
- Le coa velocidade adecuada diferentes tipos de texto.
- Resume oralmente ou por escrito textos destacando as ideas máis relevantes.
- Escribe textos de diferentes tipos adecuando a linguaxe ás características do texto.
- Distingue as diferentes clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, determinantes, pronomes, preposicións, conxuncións e adverbios)
- Utiliza unha sintaxe correcta nos escritos propios.
- Coñece e aplica as regras xerais básicas de ortografía.
- Conxuga os tempos verbais do modo indicativo dos verbos regulares.
- Sabe formar o infinitivo de calquera verbo.

### *Matemáticas*

- Le e escribe tanto con cifras como con letras calquera número natural, decimal e en forma de fracción.
- Ordena números naturais, decimais e en forma de fracción.
- Realiza operacións con números naturais, decimais e en forma de fracción.
- Resolve problemas que impliquen polo menos a resolución de dúas operacións.
- Coñece as unidades de medida de peso, lonxitude e capacidade e sabe convertelas noutras magnitudes equivalentes.
- Coñece as diferentes formas xeométricas, sabe achar as súas áreas e perímetros e sabe clasificalas.
- Recoñece os diferentes tipos de ángulos.
- Sabe calcular porcentaxes e medias.
- Calcula potencias sinxelas (polo menos cadrados do 1 ó 10)

VOLTAR AO INDICE

**CRITERIOS, PORCENTAXES E INSTRUMENTOS PARA O CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN**

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA | | | | | | INSTRUMENTOS UTILIZADOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º | |
| **Valoración de contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade** | 60 % | 30 % | 30 % | 30 % | 30 % | 30 % | - Realización de probas escritas ó rematar cada unidade e ó final do trimestre. |
| **Realización do traballo na aula:**<br>**- Realización adecuada do traballo**<br>**- Organización dos materiais**<br>**- Presentación do caderno** | | 30 % | 30 % | 30 % | 30 % | 30 % | - Caderno<br>- Rexistro de actividades de clase<br>- Rexistro de organización de materiais |
| **Realización do traballo na casa:**<br>**Deberes e traballos específicos** | 20 % | 20 % | 20 % | 20 % | 20 % | 20 % | - Rexistro de entrega de deberes no tempo<br>- Puntuación de corrección de deberes |
| **Valoración de actitudes na aula:**<br>**- Escoita**<br>**- Participación**<br>**- Esforzo**<br>**- Colaboración** | 20 % | 20 % | 20 % | 20 % | 20 % | 20 % | - Rexistro de participación<br>- Rexistro de actitude na aula |

## 3.28. PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente que presta os servizos de comedor no centro dependen da empresa “Os ventos”

O persoal non docente que presta os servizos no Centro depende do Concello.

As encargadaas da limpeza actualmente son Lourdes Fernández e Eva.

# 4. PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.

- Os alumnos deben desenvolver hábitos de lectura.
- A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- Co fin de fomentar o hábito de lectura, dedicarase un tempo diario a ela.

Resulta necesario establecer un Plan de Lectura que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e ó grao de adquisición das competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo.

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria polo que o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só dende a área de Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua Castelá e Literatura, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e servirán para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Durante este curso seguimos formando parte da rede de centros que participan no PLAMBE. A maioría das nosas actividades estarán encamiñadas a que o alumnado mellore a súa competencia lectora tendo como base diferentes textos que traballen este centro de interese.

A partires deste punto formulamos esquematicamente os obxectivos xerais deste proxecto e unha relación de actividades que forman parte da liña prioritaria de actuación para este curso escolar 2023-2024.

## OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos que se pretenden lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de desfrute persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do ámbito.
- Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe …

VOLTAR AO INDICE

## OBXECTIVOS ESPECIFICOS

- Fomentar o hábito lector desde todas as áreas e todos os niveis, así como desenvolver a comprensión lectora da forma máis harmónica posible.
- Planificar propostas educativas comúns a todos que supoñan promover a biblioteca do centro.
- Organizar recursos humanos e materiais para acadar a súa máxima rendibilidade.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e ca entoación axeitadas.
- Empregar a biblioteca para a busca de información, aprendizaxe e como fonte de pracer, sacando o máximo rendemento posible daquela.
- Fomentar o gusto pola limpeza e orde nos traballos de libre creación.
- Tentar que ó remate de cada ciclo, cada neno teña lido polo menos catro libros, así como diferentes tipos de textos de variable extensión por iniciativa propia ou por indicación do mestre.
- Respectar as ideas, os gustos e os intereses dos demais.
- Favorecer que a nosa biblioteca sirva de enriquecemento cultural para todos os alumnos e as alumnas, sobre todo para aqueles doutras nacionalidades.
- Levar a cabo o seguimento e avaliación do Plan Lector.

## ACTIVIDADES

Tomando como punto de partida o traballo desenvolvido o curso pasado seguimos a utilizar a biblioteca como espazo multifuncional. Nos primeiros días infórmase aos novos alumn@s sobre as normas da biblioteca escolar e recórdanselle ao alumnado de anos anteriores. Seguimos a empregar os marcadores feitos o curso pasado.

Actividades:

Para acadar a consecución dos obxectivos anteriormente expostos, propoñemos as actividades que seguen:

- Atender as solicitudes dos profesores referentes ó servizo de biblioteca: proporcionar libros de consulta, libros de lectura...Serán atendidas polos profesores que forman o equipo de Biblioteca durante o horario que dedican a este servizo.
- Establecer un sistema de préstamo de libros para que o alumnado poida continuar na casa a "tarefa lectora" que pretendemos inculcar.
- Cada titor dispón dunha hora semanal, como mínimo, para empregar na biblioteca escolar en actividades de lectura colectiva, investigacións e na elaboración de traballos diversos.
- Seguir coa HORA DE LER, tempo adicado á lectura dun libro da biblioteca do centro, da aula, ou da casa coas variantes que cada profesor considere oportunas.
- Crear carteis de animación á lectura e publicidade da biblioteca.

VOLTAR AO INDICE

- Outras actividades diversas como sesións de contacontos, a semana da prensa, lectura de contos e escenificacións, exposicións de traballos e carteis deseñados polos alumnos e as alumnas...
- Propoñer nas distintas etapas e ciclos un ou dous libros de lectura obrigada e realizar actividades de comprensión lectora e concursos a nivel de ciclo ó remate da lectura dos mesmos.
- Representación e recitado de poemas, dramatizacións, contacontos, etc
- Durante a semana do libro organizar unha exposición de libros da biblioteca escolar.

## Actividades en distintas épocas do curso:

Comezan a funcionar as mochilas viaxeiras en cada ciclo de Primaria así como as bolsas en Infantil.

- **Samaín/Halloween** contos de medo na biblioteca, elaborados polos distintos ciclos. Concurso de cabazas e receitas.
- **Magosto en novembro**. Traballar contos relacionados coas castañas. Recopilación de refráns, adiviñas e receitas con castañas. Participación no programa "Proteduca" de prevención de riscos ante situacións de emerxencia. Programa dirixido por a agrupación de voluntarios de Protección Civil de Verín.
- **Nadal**. Elaboración das tarxetas de Nadal dentro dun concurso.
- **Xaneiro**: Día da Paz. Cantar todo o colexio unha canción. Selección de libros que traballen este tema e logo contacontos entre o alumnado do colexio cun posible concurso.
- **Entroido:** Traballar a cultura do entroido tan arraigada nesta zona.
- **Abril: Semana da prensa e día do libro**. Concurso de ortografía. Realizaranse traballos de búsqueda de información tendo como recurso tanto a prensa escrita como a prensa a través de internet.
- **Maio: Día das letras Galegas**. Realización de obradoiros relacionados coa lectura e escritura así como sobre o autor homenaxeado.
- **Ao longo do curso**: Todas aquelas actividades que vaian xurdindo e que poidamos levar a cabo sempre que as normas COVID no las permitan.

# MATERIAIS

O material de lectura proposto é o seguinte:

- Libros de lectura infantís da aula ou da biblioteca axeitados a súa idade.
- Textos de revistas, xornais, cómics, libros escolares...
- Libros de contos e cadernos de exercicios con actividades ordenadas e secuenciadas que exerciten ó alumno nas diversas destrezas necesarias para realizar con éxito o acto lector.

VOLTAR AO INDICE

# METODOLOXÍA

Para poder levar a cabo todas as actividades sinaladas ata agora, temos en conta os seguintes principios metodolóxicos:

- Empregar o conto como recurso fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Espertar no alumnado o interese pola lectura a través de diferentes estratexias de animación e proporcionando unha ensinanza axeitada as características individuais.

## Traballo cos libros de lectura propostos

Os exercicios estarán planexados de xeito lúdico de maneira que se estimule a motivación, favoreza a implicación e xere un sentimento positivo nos nenos e nenas. Para que este xogo de lectura non se quede nun mero entretemento, a acción didáctica basearase na mediación do profesor, dando significado e importancia á actividade, explicando as habilidades lectoras que se van potenciar, as estratexias que se poden utilizar para resolver un exercicio determinado e a utilidade noutras situacións de lectura.

A posta en práctica levarase a cabo na clase de Lingua. Procurarase que o/a alumno/a traia o capítulo lido da casa para poder realizar os exercicios correspondentes na aula. Cada alumno realizará un rexistro con ficha das súas lecturas.

## Hora de Ler

Durante un período de 15 minutos diarios, todos no centro, o dedicaremos á lectura silenciosa e individual dun libro que pode ser da biblioteca do centro, da biblioteca de aula ou da súa casa. Este ano procuararemos que todos o realicen de 12:15 a 12:30, e marcarase o inicio e o fin co mestre que se atope na clase nese intre.

## Outros momentos de lectura

En todas as áreas se dedicará un tempo importante do horario lectivo á lectura.

### Lengua e lingua

- Lectura individual e colectiva de diferentes tipos de textos: contos, poesías, etc.
- Lectura silenciosa e en voz alta de diferentes textos.
- Resposta a distintas preguntas, de maneira oral ou escrita, relacionadas cos textos, para traballar a comprensión lectora.
- Traballo de linguaxe oral a partir de viñetas, historias sobre feitos da súa vida cotiá, etc.
- Exercicios de vocalización e articulación de palabras.
- Traballo do vocabulario específico de cada unidade: sinónimos, frases feitas, etc.
- Uso do dicionario.
- Traballo da ortografía a través de poesías, trabalinguas, ditados, etc.

VOLTAR AO INDICE

- Elaboración de distintos tipos de textos.
- Debates sobre os textos lidos.
- Memorización de poesías, trabalinguas, etc.

### Matemáticas

- Lectura, exposición e debate sobre os contidos a traballar ó inicio de cada tema.
- Aclaración oral e escrita dos termos novos de cada unidade.
- Reforzos visuais e gráficos dos contidos traballados.
- Resolución de problemas seguindo estas pautas:
- Lectura y comprensión de problemas.
- Debuxo matemático dos datos.
- Estruturación das partes dun problema: datos, operacións solución.
- Escritura da resposta completa.

### CN/CS

- Traballo do vocabulario específico de cada tema: ler definicións, escribilas, buscalas no dicionario, aprendelas de memoria…
- Exposición oral e escrita dos coñecementos previos por parte dos alumnos.
- Aclaración oral e escrita dos contidos de cada unidade.
- Lectura de textos en voz alta coidando a vocalización, as pausas… tanto de maneira individual coma colectiva.
- Copia de textos relacionados con cada tema coidando a ortografía.
- Realización de frases, resumos, carteis… relacionados cos contidos da área.

## AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e sumativa.

- Avaliarase
- Esforzo
- Motivación
- Interese pola lectura

Comprobarase por trimestre a evolución da comprensión, entoación e velocidade lectoras.

| HORARIO DE BIBLIOTECA: ATENCIÓN ALUMNADO E MEIGA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **LUNS** | **MART** | **MÉRC** | **XOVES** | **VENRES** |
| 1 | | | | | |

VOLTAR AO INDICE

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2 | | | | | |
| RECREO | | | | | |
| 3 | | | | | |
| 4 | | | MARÍA | MARÍA | |
| COMEDOR | | | | | |
| 5 | | | | | |

# 5. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

## 1. INTRODUCCIÓN

As tecnoloxías da información e comunicación están presentes no día a día da sociedade actual. O seu uso e aproveitamento debe ser algo presente no proceso de ensinanza - aprendizaxe de forma natural. O uso común de medios de este tipo nas nosas accións diarias para comunicarnos, crear, compartir ou buscar información debe reflexarse no medio educativo, e ademais son elementos de mellora na Calidade do Ensino que posibilitan o acceso a información tanto para o profesorado como para o alumnado.

O uso dos medios informáticos, xa dende a E. Infantil, é un reto que o Centro quere afrontar, asumindo, tanto no plano humán como no plano material. Por unha banda a capacitación tecnolóxica dende os primeiros anos e por outra o uso destes recursos como elementos motivadores e estimuladores do aprendizaxe.

Tomando estes plantexamentos como base, o noso Centro está disposto para aproveitarse dos avances tecnolóxicos en pos de conseguir un Ensino de maior calidade.

Por outra banda o avance tecnolóxico, a presenza destes médios e o contacto de xeito habitual cas pantallas dendê idades moi tempranas fan que unha educación temperá neste campo sexa necessário

Algúns criterios nos que temos que basar o noso traballo cos nosos alumnos/as neste campo e que, loxicamente , deben quedar reflexados neste plan de actuación son os seguintes:

1. Introducir o uso do ordenador, tablets e pizarras dixitais como instrumento de traballo nos procesos de ensino - aprendizaxe.
2. Elixir con coidado as aplicacións que se van a empregar tendo en conta o nivel do alumnado ao que nos estamos dirixindo.
3. Estimular e satisfacer a curiosidade e afán de aprender dos alumnos/as, para que adquiran familiaridade co instrumento plantexado para que guiados oportunamente, teñan a súa disposición un medio de estudio e traballo.
4. As actividades desenvolvidas no noso centro deben contribuir, por outra banda, a compensar posibles carencias e a nivelar os desaxustes que, en relación o acceso dos alumnos/as T.I.C., teñen o seu orixen no entorno familiar, social e cultural.
5. Coñecer os riscos que conlevan as novas tecnoloxías, navegación por Internet, consumo excesivo de pantallas, etc.

## 2. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ALCANZAR COAS T.I.C.s

Como obxectivo fundamental o noso Centro pretende:

VOLTAR AO INDICE

- Integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación nas tarefas que se realizan no Centro, de modo que o profesorado e alumnado as utilicen como unha ferramenta máis nos procesos de ensino - aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso a información de todos.

1. En relación ó profesorado:
    a. Adquirir as nocións e os coñecementos técnicos básicos referidos aos medios informáticos, dixitais e audiovisuais.
    b. Posibilitar o acceso a Información contida na Rede: consultar información profesional ( lexislación, recursos, concursos...).
    c. Compartir experiencias, ideas, información con outros profesores e profesoras a través do correo electrónico, os grupos de noticias, páxinas Web,...
    d. Utilizar as ferramentas informáticas e audiovisuais para o traballo cotiá e as actividades de aula: programacións, actividades, controles, fichas, etc.,
    e. Utilizar os medios de comunicación e transmisión de datos (páxina web do centro, blogs de clase...) para fomentar a comunicación e colaboración entre o centro e toda a comunidade educativa.
2. En relación ó alumnado:
    a. Motivar o uso racional e crítico das NNTT, capacitándoos para entender e expresarse a través delas.
    b. Desenvolver a capacidade de acceder, organizar, tratar e transmitir a información mediante os novos medios de comunicación e información.
    c. Potenciar o desenvolvemento cognitivo e aprendizaxe innovador mediante novos entornos que favorezan o desenvolvemento de habilidades, destrezas e adquisición de coñecementos informáticos.
    d. Aprender a usar as novas ferramentas e os novos medios para comunicarse e para elaborar información a través da rede.
    e. Aprender a buscar, seleccionar e valorar información na rede (páxinas web, blogs educativos, arquivos de interese, foros temáticos...) desenvolvendo unha especial curiosidade por recoñecer as fontes de cada información.
    f. Comunicarse cos escolares doutros entornos, contrastar ideas...

# 3. ORGANIZACIÓN

## 3.1 As funcións do equipo TIC

Ainda que poden variar en determinados momentos en función dos obxectivos que se pretenden conseguir, as súas funcións son as seguintes:

1. Coordinar e dinamizar a integración curricular das Tecnoloxías da Información e comunicación no centro.
2. Colaborar coas estructuras de coordinación do ámbito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación que se establezan, a fin de garantir actuacións coherentes do centro e poder incorporar e difundir iniciativas valiosas na utilización didáctica das T.I.C.s.
3. Elaborar propostas para a organización, xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro...
4. Asesorar ó profesorado sobre materiais curriculares en soportes multimedia, a súa utilización e estratexia de incorporación a planificación didáctica.
5. Realizar a análise de necesidades do centro relacionadas coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

## 3.2. Plan de Traballo

1. Supervisar o equipamento e material informático do que dispoñemos e mantelo actualizado.
2. Realizar unha análise das necesidades do centro e dos profesores/as.
3. Integrar os elementos multimedia da aula (ordenadores e pizarra dixital) no currículo como elemento de axuda.
4. Participar, xunto a outros centros docentes, na experiencia do uso de medios informáticos para a elaboración e intercambio de materiais educativos por parte dos alumnos/as.
5. Compartir os coñecementos previos do profesorado acerca destes novos medios.
6. Utilizar a pizarra dixital como novo recurso compartido no centro e compartir de forma organizada as actividades que se vaian realizando.
7. Clasificar, por ciclos, materias e contidos os programas educativos freeware, comerciais, demos, direccións web, e o software que nos proporciona a Consellería de Educación.
8. Elaborar en forma de cadros todos os contidos de E. Infantil e de E. Primaria relacionándoos con algunhas páxinas Web, ou aqueles programas educativos que poidan axudar a mellor comprensión de ditos contidos. Ditos cadros estarán en construcción permanente debido a complexidade da tarefa e a que o software informático está en continua evolución e mellora.
9. Propoñer a realización de todas aquelas reunións que se consideren necesarias segundo os asuntos que poidan xurdir: adquisición de materiais, utilización de programas,etc..
10. Dar información acerca das T.I.C.S
11. Ampliar a aplicación de programas de diferentes áreas e campos de traballo.
12. Apoiar os titores na utilización da aula de informática para desenvolver calquera actividade que queiran levar a cabo cos alumnos/as.

VOLTAR AO INDICE

13. Utilizar o ordenador, pizarra dixital e o proxector de pantalla como elemento motivador nas diferentes areas.
14. Fomentar a utilización de aplicacións específicas por parte do profesorado segundo as necesidades da aula

## 3.3. Espazo. Equipamento informático e material.

### 3.3.1. Espazos e equipamento.

Dispomos dos seguintes espazos dotados de material informático no noso centro:

- 1 aula de informática: 6 ordenadores de sobremesa mais  un portátil, todos eles con conexión a internet e pizarra dixital.
- 2 aulas de primaria con pizarra dixital e ordenador.
- 3 aulas de primaria con pantalla dixital e ordenador
- 1 aula de infantil con pantalla dixital e ordenador.
- 1 aula de pt con pizarra dixital e ordenador
- 1 aula de inglés con pizarra dixital e ordenador
- 1 biblioteca con escáner, impresora, ordenador de sobremesa e pantalla dixital
- 1 aula .de música con pantalla dixital, ordenador, equipo de música e teclado ou sintetizador con posibilidade de conectar ao PC mediante linguaxe MIDI.
- 1 sala de material con 1 fotocopiadora conectada en rede aos ordenadores do centro, con scanner e Fax.
- 1 sala de profesores con 1 ordenador e 1 impresora.

### 3.3.2. Número de alumnos por equipo: recomendacións

En función do traballo que vaia a realizarse cos alumnos e o tipo de actividade que se realice, teremos que delimitar, en cada momento, o número de alumnos que van a utilizar cada ordenador aínda pensamos que o número ideal de dous alumnos/as por equipo en base a varias razóns:

1. Cooperación no traballo.
2. Integración.
3. Facilita la participación e implicación
4. Máis de dous alumnos por ordenador pode levar a distraccións.
5. En cambio se o uso e individual dificulta a experiencia de poder compartir.

Por todo esto, sempre que sexa posible, tendo en conta as características do noso centro trataremos de usar un equipo informático para cada dous alumnos.

# 4. HORARIOS 2023-2024

Cada profesor/a anotará para control persoal e do centro, os días que fixo uso da aula e o grupo co que traballou.

VOLTAR AO INDICE

### UTILIZACIÓN DIDÁCTICA DOS MEDIOS INFORMÁTICOS E AUDIOVISUAIS

A nivel xeral se realizan diversas actividades con:

1. xogos interactivos relativos a diferentes materias
2. procesador de textos: elaboracións de textos curtos
3. Internet: prócura de información en páxinas educativas ou específicas para o alumnado
4. software educativo específico e propio das editoriais para traballar as diferentes áreas do currículo.
5. aplicacións específicas para elaboración de materiais educativos, traballos de aula etc .

Aula de PT/AL: ordenador máis a pizarra dixital é un recurso educativo moi utilizado dado que resulta moi válido para o traballo cos alumnos que precisan apoio.

A nivel docente o emprego dos medios informáticos actualmente é de xeito continuado ben sexa para a consulta de información, programas propios da Xunta, realización de tarefas administrativas, realización de tarefas docentes, …

Como en cada aula contamos cun ordenador ademais da implementación dende o curso pasado de pizarras interactivas, permítenos levar a cabo tarefas de reforzo, ampliación... tanto de xeito individual como de grupo.

Comezamos nun nivel básico pensado fundamentalmente para aqueles que non dispoñen dese material na casa (referidos ao ordenador) seguindo cun nivel de desenvolvemento que permite o coñecemento e manexo dos diferentes programas educativos, o uso dos elementos periféricos que foron enriquecendo o noso traballo na aula. Traballamos en maior ou menor medida a práctica totalidade dos contidos propostos no Plan :

- de forma activa, facendo o alumno protagonista da súa propia aprendizaxe.
- facendo un uso do ordenador xeneralizado no noso facer cotiá, como un recurso máis da aula.
- facendo un uso significativo das TICs para apreciar a súa utilidade para aprender.
- Utilizando as TICs dunha forma lúdica para motivar e espertar o interese

# 5. OBXECTIVOS

Creemos que teñen validez os formulados no curso anterior e sinalamos con grosa aqueles que, avaliado o plan anterior e como se reflicta na memoria anual, non foron alcanzados e que para este curso nos propoñemos conseguir.

## OBXECTIVOS XERAIS

A. Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso do ensino-aprendizaxe nas distintas áreas do currículo.
B. Favorecer e potenciar a utilización das TICs nas tarefas habituais do centro: programas especiais, memorias, plans, proxectos, xestións administrativas.

VOLTAR AO INDICE

C. Impulsar o desenvolvemento dun espazo virtual de comunicación no que teña cabida toda a comunidade educativa.
D. Facilitar a busca de información e tratamento crítico daquela como forma de coñecer o mundo da rede Internet e as súas posibilidades de acceso a unha información útil.
E. Potenciar o uso dos medios informáticos como forma de romper as desigualdades sociais, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos e alumnas con Necesidades Educativas Especiais e nas tarefas de apoio e reforzo da aprendizaxe.
F. Fomentar o uso de programas para a organización da Biblioteca (catálogo de libros, préstamo) e para a xestión de tipo administrativo do centro(MEIGA).
G. Completar a dotación de equipos e programas informáticos.
H. Desenvolver un modelo de avaliación que permita coñecer o grao de utilización das TICs e a súa incidencia no proceso educativo.
I. Elaborar unha carpeta que conteña direccións de páxinas educativas e recursos de internet.

## OBXECTIVOS EN RELACIÓN AO PROFESORADO

A. Desenvolver un proceso formativo que permita ó profesorado coñecer o funcionamento dos recursos tecnolóxicos que existen no centro.
B. Empregar o ordenador para o traballo cotiá e as actividades da aula: programación, fichas, actividades, controis...
C. Saber consultar e obter información a través das TICs tanto de temas profesionais (lexislación, cursos de formación, correo electrónico) como de temas interesantes para a súa actividade docente.
D. Intercambiar experiencias, coñecementos e actividades a través de Internet.
E. Utilizar as TICs na aula integrando o seu uso como recurso cotiá do proceso de ensino-aprendizaxe para o desenvolvemento do currículo escolar.
F. Coñecer e utilizar programas informáticos que axuden ó logro dos obxectivos da programación da aula.
G. Colaborar na elaboración e actualización da páxina web do centro.
H. Utilizar as TICs para levar a organización da Biblioteca.

## OBXECTIVOS PARA OS ALUMNOS E ALUMNAS

A. Coñecer as TICs como recurso no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
B. Utilizar o ordenador como medio de creación, integración, cooperación e potenciación de valores sociais e de expresión das propias ideas.
C. Despertar o interese por coñecer cousas novas e diversas e darlles pautas para facilitar o acceso a unha información precisa, potenciando unha actitude crítica ante ela.
D. Utilizar programas e entornas que faciliten a aprendizaxe dos contidos das distintas áreas e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecemento daquelas.

VOLTAR AO INDICE

E. Favorecer a súa comunicación con outros compañeiros do seu entorno e de fóra del mediante a utilización do correo electrónico, videoconferencia...

### OBXECTIVOS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

A. Integrar as TICs como un medio de comunicación entre o centro e a comunidade educativa.
B. Fomentar a colaboración na páxina web do centro habilitando espazos propios dentro dela: ANPA, antigos alumnos...

## 6. COMPETENCIAS TIC

A. Coñecer o manexo das TICs, software e hardware, de acordo ó seu nivel de desenvolvemento: libros interactivos, software educativo, enciclopedias multimedia.
B. Utilizar eficientemente os recursos tecnolóxicos para a realización das súas producións, traballar colaborativamente e facilitar a súa aprendizaxe.
C. Ser responsable na utilización das TICs.
D. Utilizar as TICs para acceder a información e comunicarse con outros compañeiros.
E. Utilizar as TICs na resolución de problemas e a aprendizaxe autodirixido.
F. Serán capaces de determinar cando son útiles as TICs e escollerán as adecuadas para resolver as tarefas.

## 7. CONTIDOS TIC

### EDUCACIÓN INFANTIL

1. Familiarización coas partes do equipo: monitor, rato, auriculares, altofalantes, Cds, impresoras, escáner.
2. Funcionamento e normas básicas de manexo: acendido/apagado, movemento do rato (4 e 5 anos).
3. Manexo básico de Word, escribir palabras, números...
4. Aplicación de programas educativos específicos desta etapa.
5. Visita dalgunha páxina web de interese.
6. Interese e actitude positiva cara ó traballo co ordenador.

### 1º E 2º DE PRIMARIA

Ademais dos contidos anteriores

1. Aplicación de programas de interese curricular de apoio ás destrezas e coñecementos propios do ciclo: expresión e compresión lecto-escritora, cálculo, relacións espazo-temporais, unidades de medida, resolución de problemas, coñecemento do entorno, actividades de apoio e reforzo.
2. Familiarización co uso da rede Internet e o seu aproveitamento: acceder a información a desde buscadores e visitando páxinas web propostas polo mestre, observar a función dun hipervínculo e utilizalo.
3. Curiosidade polas diferentes posibilidades que nos ofrece o ordenador.

VOLTAR AO INDICE

### 3º E 4º DE PRIMARIA

Ademais dos contidos anteriores:

1. Aplicación de programas informáticos de interese curricular que desenvolvan contidos propios do nivel: lectura e creación de textos, apoio á aprendizaxe do idioma estranxeiro, operacións de cálculo e resolución de problemas, coñecemento da Comunidade Autónoma, actividades de apoio, reforzo e perfeccionamento das diferentes áreas...
2. Familiarización co uso de Internet e o seu aproveitamento: navegar por Internet utilizando os botóns do explorador (adiante, atrás, inicio), gardar páxinas de interese en favoritos e acceder a páxinas gardadas.
3. Valoración das TICs como ferramenta útil de comunicación e información.

### 7.4. 5º E 6º DE PRIMARIA

Ademais dos contidos anteriores:

1. Aplicación de programas de interese curricular para o ciclo: gramática e literatura española, resolución de problemas, coñecemento da xeografía e historia de España.
2. Iniciación no uso do procesador de textos.
3. Participación na elaboración do xornal escolar, así coma na realización de achegas para a páxina web do centro.
4. Iniciación á organización de arquivos en windows: crear unha carpeta, crear un arquivo e gardalo, buscar e abrir arquivos existentes, utilizar os accesos directas e as axudas...
5. Enviar correos electrónicos cun arquivo adxunto, xestionar o caderno de direccións...
6. Valoración das TICs como ferramenta de traballo.

## 8. METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento da nosa tarefa educativa empregaremos unha metodoloxía de acordo ós principios presentes sempre no noso traballo:

- ➢ Traballando de forma activa, onde o alumno se sinta protagonista da súa propia aprendizaxe.
- ➢ Facendo un uso do ordenador xeneralizado no noso facer cotiá, de tal xeito que os nenos acaben utilizándoo coa mesma facilidade que calquera outro recurso da aula, de xeito progresivo, aumentando continuamente o coñecemento das posibilidades que este recurso ofrece.
- ➢ Facendo un uso significativo das TICs que aprecien que lles son útiles para aprender.
- ➢ Traballando cos ordenadores dunha forma lúdica para espertar o interese.

As actividades a realizar co ordenador comezarán nun nivel básico pensado fundamentalmente para aqueles que non dispoñen dese material na casa, seguindo cun nivel de desenvolvemento que vaia permitindo o coñecemento e manexo dos diferentes programas educativos, o uso dos elementos periféricos que irán enriquecendo o noso traballo na aula. Así, ó longo da súa escolarización no centro,

VOLTAR AO INDICE

irán traballando nun nivel de perfeccionamento para maior enriquecemento no uso dos medios informáticos.

Os modelos e estratexias didácticas permitirán o desenvolvemento dos contidos curriculares nas diferentes áreas:

1. Reforzo, complemento e aplicación na exposición de contidos:
   1.1. Utilización de páxinas web
   1.2. Utilización de imaxes e textos elaborados ou existentes na rede
   1.3. Utilización de simulacións virtuais, vídeos…
   1.4. Utilización de programas educativos
   1.5. Utilización de tarefas elaboradas polo profesor
   1.6. Utilización de tarefas propostas por diferentes editoriais recollidas ou non na rede.
2. Proposta de tarefas curriculares para realizar cos alumnos:
   2.1. Actividades, cuestionarios, emisión de opinións, acceso a recursos...
   2.2. Tarefas colaborativas e individuais utilizando Internet
   2.3. Tarefas de investigación utilizando a web, enciclopedias virtuais, textos e imaxes.
   2.4. Tarefas para intercomunicarse: videoconferencia e correo electrónico.
3. Apoio na presentación de traballos e tarefas:
   3.1. Exposición de traballos elaborados individualmente ou en grupo.
   3.2. Exposición de información.
   3.3. Exposición de actividades plásticas.
   3.4. Exposición de tarefas curriculares de creación literaria.
4. Apoio, reforzo e ampliación ó proceso lecto-escritor:
   4.1. Traballos sobre a compresión lectora dun texto.
   4.2. Actividades para a elaboración e ilustración de contos, narracións, poesías, cómics...
   4.3. Actividades de lectura e recollida de novas da prensa.
   4.4. Actividades para a creación de páxinas de información e novas escolares.
5. Apoio, reforzo e ampliación na aprendizaxe de magmáticas:
   5.1. Cálculo
   5.2. lóxica matemática
   5.3. resolución de problemas.
   5.4. Estudo da xeometría...
6. Utilización do ordenador da aula con conexión a Internet para:
   6.1. Actividades complementarias ou de reforzo.
   6.2. Actividades de apoio ós alumnos de necesidades educativas especiais.
   6.3. Actividades para a busca de información, de xeito individual ou en grupo, en diferentes contextos de aprendizaxe.

VOLTAR AO INDICE

# 9. ORGANIZACIÓN

## 9.1. PERSOAL PARA APLICAR AS TICS

O profesor é o que se encarga de organizar, programar e levar a cabo cos seus alumnos as actividades relacionadas coas TICs.

## 9.2. NORMAS DE USO

### Xeral

Antes de iniciar as actividades cos alumnos, o profesor debe coñecer o funcionamento dos equipos e o seu manexo.

Unha vez concluída a sesión de traballo, o profesor responsabilizarase de que todos os equipos queden correctamente apagados e o material utilizado recollido e ordenado.

### Antes do traballo co ordenador

O traballo que se vaia realizar co ordenador debe estar integrado na programación da aula.

O mestre debe coñecer ben os programas que se van traballar.

O traballo informático debe apoiarse nunhas actividades previas e outras posteriores a súa realización.

Organizar e temporalizar o traballo prevendo as sesións necesarias, a súa duración, os agrupamentos dos alumnos...

### Durante o traballo co ordenador

A presencia directa e intervención do profesor será máis necesaria canto máis pequenos sexan os alumnos.

Ao principio é necesario empregar moito tempo en tarefas do tipo de ensinar a acender e apagar correctamente o ordenador, o manexo do rato, uso axeitado do teclado...

Ir sempre ó ordenador con lapis e papel. Explicar coa maior claridade posible o que se pretende coa actividade.

Facer cumprir aos alumnos unha serie de normas no seu uso:

- Respectar os equipos e o material utilizándoos de forma axeitada.
- Saber poñer en marcha e apagar o ordenador correctamente.
- Seguir as indicacións do profesor para a realización das actividades.

### Ó finalizar a sesión

Realizar anotacións sobre o que fixemos, aspectos interesantes, posibles modificacións a introducir, problemas que xurdiron...

VOLTAR AO INDICE

Deixar os equipos desconectados e o material recollido e ordenado.

VOLTAR AO INDICE

## 10. HORARIO AULA DE INFORMÁTICA

| HORARIO AULA DE INFORMÁTICA Curso 2022-2023* | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | LU | MA | ME | XO | VE |
| **1ª** | | | | | |
| **2ª** | | | | | |
| **3ª** | | | | | |
| | | | | | |
| **4ª** | | | 3º/4º | | |
| **5ª** | INFANTIL | 1º/2º | | 5º | 6º |

## 11. FORMACIÓN DO PROFESORADO

O coordinador das TICs realiza funcións de asesoramento e formación do profesorado para resolver as dúbidas que se presenten ao longo do curso e ademais propón novas ferramentas que poidan ser útiles para a practica docente.

Así mesmo este ano estamos dentro do programa de innovación educativa Polos creativos para o cal recibiremos xornadas de formación.

## 12. AVALIACIÓN DA APLICACIÓN DAS TICS NO CENTRO

Ó remate de cada curso escolar realizarase, tras un seguimento continuado ó longo de todo o curso, a avaliación final da aplicación das TICs no centro, avaliando o grao de consecución dos obxectivos previstos no plan, a organización, a metodoloxía empregada e os contidos traballados.

Para iso será necesario revisar:

– Nivel de consecución dos obxectivos e o cumprimento das actividades formuladas para cada curso escolar.
– Aspectos da organización como as funcións e horario do coordinador, a distribución espacial e temporal dos equipos...
– Nivel de cumprimento das liñas metodolóxicas formuladas no plan.
– A relación dos contidos traballados e os recursos utilizados para o seu desenvolvemento.
– A planificación, realizando as modificacións que se consideren oportunas, de cara ó novo curso escolar.

VOLTAR AO INDICE

# 6. AUTOAVALIACIÓN DA PXA DO CENTRO

Ao final de cada trimestre, os equipos de ciclo e demais comisións e departamentos reuniranse para avaliar esta programación en tódolos seus apartados e proporán as melloras necesarias se fose o caso.

Tanto os resultados desta avaliación interna, coma as propostas de mellora elevaranse o equipo de dirección para a súa inclusión na Memoria de fin de curso.

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|

| PLANTILLA DE SEGUEMENTO | |
|---|---|
| ÁMBITO ORGANIZATIVO | |
| APARTADO | SEGUIMENTO |
| 1º.- Organización espacial e temporal das actividades. | |
| 2º.- Organización e funcionamento dos servizos escolares. | |

| ÁMBITO PEDAGÓXICO | |
|---|---|
| APARTADO | SEGUIMENTO |
| 1º.- Criterios para a elaboración dos horarios e agrupamento do alumnado. | |
| 2º.- Criterios e procedementos para organizar a atención a diversidade. | |
| 3º.- Coordinación entre equipos docentes. | |

| APARTADO | SEGUIMENTO |
|---|---|
| 4º.- Programacións e avaliación. | |
| 5º.- As actividades complementarias e extraescolares. | |
| 6º.- Plans:<br>– Actuación do centro.<br>– Acción titorial.<br>– PLAMBE<br>– Do proxecto lector.<br>– De normalización lingüística.<br>– TIC.<br>– Orientación. | |

VOLTAR AO INDICE

| ÁMBITO PROFESIONAL | |
|---|---|
| APARTADO | SEGUIMENTO |
| 1º.- Formación do profesorado. | |
| 2º.- Criterios para avaliar a práctica docente. | |

VOLTAR AO INDICE

| ÁMBITO SOCIAL | |
|---|---|
| APARTADO | SEGUIMENTO |
| 1º.- Mellora do rendemento escolar. | |
| 2º.- Acción programadas para o fomento da participación familiar. | |
| 3º.- Apertura do centro ao entorno social e cultural. | |
| 4º.- Plan de convivencia escolar. | |

VOLTAR AO INDICE

# 7. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, A PARTIR DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

## 1. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. COMPRENSIÓN LECTORA

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar a comprensión lectora de libros de texto ou outros materiais utilizados polo profesorado para a aprendizaxe de todas as áreas do currículo.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

En todas as áreas do currículo.

### METAS

Mellorar a competencia do alumno en:

- A lectura en voz alta.
- A incorporación de novo vocabulario.
- Identificar a idea principal ou intención xeral do texto.
- Recuperar a información (localizar e extraer esa información explícita no texto)
- Explicar o contido da lectura.
- Fomento da opinión e debate.

### ACCIÓNS

1. Dedicar 20 minutos en cada unha das sesións diarias das diferentes áreas curriculares á realización de actividades de lectura: exactitude, entoación, comprensión, etc.
2. Incluír a diario actividades relacionadas coa comprensión lectora, xa sexa oral ou escrita.
3. Establecendo unhas estratexias previas a esta:

– Propósito da lectura.
– Recoñecemento rápido das palabras.
– Activar os coñecementos previos.

4. Elaborar material destinado á mellora da lectura e escritura. Realizaremos dúas probas de comprensión lectora ao trimestre.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

- Biblioteca escolar.
- Biblioteca de aula.
- Libro de texto.
- Materiais elaborados o curso pasado.
- Materiais elaborados no presente curso escolar.
- Aula de nuevas tecnoloxías

### RESPONSABLES

Profesorado do centro.

VOLTAR AO INDICE

### INDICADORES DE SEGUIMENTO

1. Catálogo de probas de comprensión lectora.
2. Caderno do profesor: rexistro diario de actuacións na aula.
3. Exames e tarefas diarias.
4. A avaliación de calquera texto narrativo e expositivo levará consigo:

– Comprensión literal: localizar a información.

– Comprensión global: ideas

## 2. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. EXPRESIÓN ESCRITA

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar a expresión escrita en todas as áreas do currículo.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Área de Lingua Castelá.

### METAS

- Exigir letra lexible, limpeza e que se cingan á pauta previamente acordada con E. Infantil e con E.Primaria.
- Mellorar a planificación da produción escrita dos alumnos atendendo aos tipos de texto continuos:
  - Narrativos: contos, cartas, noticias, convite e problemas. Literarios: poemas, trabalinguas, adiviñanzas, refráns, cancións, chistes...
  - Descritivos: descricións de animais, persoas,...
  - Expositivos: definición, explicacións. Instrutivos: notas e avisos.
- Os textos discontinuos que traballos son: horarios, menú, calendario, táboas, listas.
- Aumentar gradualmente a dificultade e extensión de textos escritos a partir de dez liñas.

### ACCIÓNS

– Incluír actividades relacionadas cos tipos de textos que estamos a traballar no momento.

– Unha vez á semana realizaremos un ditado relacionado coas regras ortográficas de cada unidade. Incluír na área de lingua unha sesión á semana dedicada á realización de textos escritos.

– Realizaremos unha vez ao trimestre, unha proba para avaliar a composición escrita do alumnado, atendendo aos seguintes aspectos: a corrección, cohesión, coherencia e adecuación.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

- Acordos tomados polos equipos de ciclo. . Libros de textos. . Materiais elaborados polo profesorado.

### RESPONSABLES

- Titores e especialistas.

VOLTAR AO INDICE

### INDICADOR SEGUIMENTO

- Exames escritos e probas periódicas de comprensión escrita.
- Traballos realizados e caderno do alumnado.

## 3. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LECTURA

### OBXECTIVOS DE MELLORA

- Mellorar o hábito lector e o gusto pola lectura.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Todos os cursos de primaria.

### METAS

- Animar ás familias a que colaboren no control do tempo dedicado á lectura (mínimo 15 minutos ao día) na casa e á necesidade de que a familia contribúa ao hábito lector.
- Estimular a lectura fomentando a elección persoal ou a recomendación de compañeiros dos libros axeitados a súa idade.

### ACCIÓNS

- Levar a cabo o proxecto de lectura que se está a realizar no centro.
- Elaborar un listado de libros de obrigada lectura a través da biblioteca de aula.
- Chegar a acordos dentro de cada nivel sobre os tempos que se dedicarán á lectura tanto individual coma colectiva.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

Libros da biblioteca escolar, de aula, pública e familiar.

### RESPONSABLES

Titores, especialistas e responsable da biblioteca.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Listado de libros e outras lecturas para cada ciclo/nivel. Carpeta con diferentes fichas de lecturas adaptadas a cada nivel.

## 4. COMPETENCIA MATEMÁTICA

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar a competencia en resolución de problemas no concernente á identificación das situacións problema, a aplicación de coñecementos, o uso de estratexias, a argumentación e a xustificación.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Área de Matemáticas.

### METAS

- Identificar na vida cotiá e no seu ámbito próximo problemas que fan referencia a situacións aritméticas aditivo-sustractivas.

VOLTAR AO INDICE

- Aplicar técnicas ou estratexias heurísticas como a lectura analítica, separación de datos e incógnitas, realización de gráficos.... que faciliten a resolución de problemas.
- Aplicar as catro fases do método de resolución de problemas.
- Resolver problemas sinxelos doutras tipoloxías: razoamento lóxico, azar (a través de xogos, preguntas etc)
- Aprender a traballar por parellas na resolución de problemas.

### ACCIÓNS

- Incluír unha sesión semanal de resolución de problemas na área de matemáticas.
- Levar a cabo as catro fases de resolución de problemas:
    1. Comprensión do problema: Implica entender tanto o texto coma a situación que nos presenta o problema.
    2. Concepción dun plan: É necesario abordar cuestións como: . Para que serven os datos que aparecen no enunciado. . Que pode calcularse a partir deles. . Que operacións utilizar.
    3. Execución do plan.
    4. Visión retrospectiva.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

- Problemas de Pereda.
- Problemas deQuinzet.
- Páxinas webs (Jueduland).

### RESPONSABLES

Mestres/ás encargados de impartir Matemáticas.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Na avaliación de cada unidade didáctica, incluiremos problemas para valorar a comprensión e resolución destes. Dedicaremos unha sesión semanal á resolución de problemas e iremos avaliando o obxectivo de mellora formulado, en función das fases do método de resolución de problemas. problemas.

## 5. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN DO MUNDO FÍSICO

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Desenvolver o pensamento científico-técnico do alumnado

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Práctica docente.

### METAS

Formular preguntas. Organizar a información. Relacionar os contidos traballados co ámbito próximo.

VOLTAR AO INDICE

### ACCIÓNS

.Espertar a súa curiosidade e interese para que lles xurdan e formulen preguntas. .Programar saídas ao ámbito próximo.

.Recompilar información de distintos temas. .Organizala e clasificala en murais, exposicións.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

- Programa informáticos.
- Internet Biblioteca escolar.
- Materiais audiovisuais.

### RESPONSABLES

Titores e especialistas.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Traballos realizados.

## 6. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN DO MUNDO FÍSICO. COÑECEMENTO

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar o coñecemento da propia comunidade.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Práctica docente.

### METAS

Coñecer a riqueza natural, xeográfica, histórica e cultural de Galicia.

### ACCIÓNS

Establecer claramente os contidos que se deben traballar por ciclos. Dar a coñecer as lendas, tradicións, etc, propias de Oímbra e a Comunidade de Galicia.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

- Internet Biblioteca escolar.
- Casa de cultura Verín.
- Ámbito natural de Oímbra.
- Achegas das familias dos alumnos.

### RESPONSABLES

Titores e especialistas.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Traballos realizados e exames. Grado interese, motivación e participación dos alumnos.

VOLTAR AO INDICE

## 7. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN DO MUNDO FÍSICO. INTERACCIÓN DO MUNDO FÍSICO

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Desenvolver actitudes e valores para unha interacción co medio dun xeito responsable, solidario e saudable.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Práctica docente. Plan de convivencia. Plan de igualdade.

### METAS

Mellorar a capacidade do alumno en: . O coidado do medio. O consumo racional e responsable. A protección da saúde individual e colectiva.

### ACCIÓNS

Llegar a acordos comúns sobre o fomento destes valores.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

Programa sobre: "O valor dun conto". Bos días bos almorzos. Eu me se lavar as mans. Decálogo de boa conduta.

### RESPONSABLES

Titores e especialistas.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Cumprimento do decálogo de normas de comportamento. Cumprimento diario dos xantares acordados durante o curso.

## 8. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E A COMPETENCIA DIXITAL. INFORMACIÓN

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar a alfabetización dixital.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Práctica docente.

### METAS

Desarrollar habilidades de:

- Utilización básica do ordenador.
- Manexo dun procesador de textos.
- Busca guiada en Internet.

### ACCIÓNS

- Coñecer o vocabulario básico referido a un ordenador.

VOLTAR AO INDICE

- Saber as instrucións que xogo, profesor/a ou aplicación requira.
- Realizar buscas en Internet para traballar os obxectivos formulados.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

Titores e especialistas. Responsable das TIC. TIC nas áreas do currículo.

### RESPONSABLES

Titores e especialistas. Responsable das TIC.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Traballos realizados.

## 9. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E A COMPETENCIA DIXITAL. COMPETENCIA DIXITAL

### OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar o uso das fontes de información en todos os tipos de soportes.

### ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Práctica docente.

### METAS

Desarrollar habilidades de: . Búsqueda, selección, organización, uso e transmisión da información.

### ACCIÓNS

Establecer as medidas de organización e funcionamento da biblioteca escolar, aula de informática. Acordar cal vai ser a contribución específica de cada área á consecución dos obxectivos.

### PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

Internet. Curso sobre o funcionamento das TIC do profesor. Titores e especialistas. Responsable das TIC.

### RESPONSABLES

Titores e especialistas. Responsable das TIC.

### INDICADOR SEGUIMENTO

Traballos Realizados.

VOLTAR AO INDICE

# 10. VALORES EDUCATIVOS

## OBXECTIVOS DE MELLORA

Mellorar a convivencia e o clima escolar

## ÁMBITOS DE APLICACIÓN

Práctica docente. Titorías coas familias.

## METAS

Habilidades de resolución de conflitos. Implicar ás familias no fomento dos valores educativos.

## ACCIÓNS

Revisar e modificar, se fose necesario as medidas de organización e funcionamento de centro, de participación do alumnado, de réxime interno e de uso das instalacións. Revisar e dar a coñecer o Plan de Convivencia do centro.

## PROCESOS/PROXECTOS RECURSOS

Plan de convivencia. Plan de acción titorial. Grupo de traballo: competencias educativas no entorno escolar.

## RESPONSABLES

Titores e especialistas.

## INDICADOR SEGUIMENTO

- Plan de convivencia
- Cumprimento das normas

VOLTAR AO INDICE

# Anexo 1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Oímbra
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Rúa Grupo Escolar 16 – 32613 Oímbra (Ourense)

Tfno/Fax: 988 42620

e-mail: ceip.oimbra@edu.xunta.es

## SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

| **Data da demanda** | |
|---|---|

| **DEMANDA DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL OU GRUPAL** | |
|---|---|
| | Individual |
| | Grupal |

| **DEMANDA INDIVIDUAL** | |
|---|---|
| Nome: | |
| Apelidos: | |
| Data de nacemento: | |
| Curso: | |
| Titor/a | |
| Repetidor: | Si/Non |
| ACS: | Si/Non |
| Teléfono contacto: | |
| Nome da nai: | |
| Nome do pai: | |
| Datos de interese e observacións: | |

VOLTAR AO INDICE

| | |
|---|---|
| | |

**MOTIVO DA DEMANDA**

Titor/a

Vo. E Pr. Director/a

Orientador/a

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

VOLTAR AO INDICE

# Anexo 2

**PROTOCOLO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DO/A MESTRE/A TITOR/A**

Nome do titor/a:

**1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A:**

- Nome e apelidos:
- Data de nacemento:
- Idade:
- Nivel e etapa:
- Curso escolar:

**2. MOTIVO DA DEMANDA:**

**3. HISTORIAL ACADÉMICO:**

Educación Infantil:

- 4º:
- 5º:
- 6:

Educación Primaria:

- 1º:
- 2º:
- 3º:
- 4º:
- 5º:
- 6º:

**4. AVALIACIÓN:**

*repetiu, promocionou, non promocionou ao nivel seguinte. Medidas de atención educativa: RE ou AC. Tipos de apoios recibidos con indicación do seu inicio

**5. DATOS FÍSICOS E DE SAUDE:**

Desenvolvemento físico:

VOLTAR AO INDICE

Informes médicos que posúe:

**6. DATOS PSICOSOCIAIS:**

Adapatación persoal e social ao centro e ao grupo-clase:

**7. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR:**

Relación da familia co centro:

Situacións familiares a destacar:

**8. PROBLEMÁTICA OBSERVADA:**

A obsérvanselle dificultades para:

(seguir o ritmo de clase, comprender, atender, concentrarse, realiza as tarefas con: lentitude, demasiada rapidez, inacabadas...; na mecánicas lectora, na comprensión lectora, na linguaxe espontánea, na linguaxe comprensiva, na linguaxe expresiva, no cálculo, na comprensión e resolución de problemas...)

Amosa:

(hiperactividade, inquietude, problemas psicomotrices, problemas de adaptación ó grupo con reclamación continuada de atención ou inhibición na relación con iguais, falla ou escasez de hábitos de disciplina, orde, limpeza e aseo persoal, conducta disruptivas...adaptación ou non ás normas de xogo, xogos en equipo, xogos libres no patio...)

O mestre/a titor/a

Asdo:

VOLTAR AO INDICE

# Anexo 3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Oímbra
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Rúa Grupo Escolar 16 – 32613 Oímbra (Ourense)

Tfno/Fax: 988 42620

e-mail: ceip.oimbra@edu.xunta.es

**COMUNICADO PARA AS FAMILIAS**

Dn/ Dna ___________________________________como pai, nai, titor/a do/a alumno/a ________________________________,escolarizado/a no curso ____de Educación Primaria, fun informado/a polo/a titor/a do meu fillo/a da súa situación académica, así como da necesidade de que salga da súa clase de referencia para asistir a aula de apoio e recibir apoio educativo por parte da mestra especialista en Audición e Linguaxe e /ou Pedagoxía Terapéutica.

Polo tanto,

□ ESTOU CONFORME CON ESTA MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

□ NON ESTOU CONFORME

Oímbra a ____ de ______________ de 202__

O/A Titor/a

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo:

Asdo:

VOLTAR AO INDICE